



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 7 de maio de 2020**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día sete de maio de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(309).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 30 de abril de 2020 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(310).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO SISTEMA DE ARQUIVADO CENTERA, POR PROCEDIMENTO ABERTO ORDINARIO. EXPTE. 8941/113.**

Visto o informe xurídico do 29/04/2020 e o informe de fiscalización do 30/04/2020, dáse conta do informe-proposta do 27/04/2020, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

1.- En data 11/03/2020 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación de servizos de mantemento sistema de arquivado Centera

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 11/03/2020 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 25/03/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 14/04/2020 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 14/04/2020, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da Técnica do Servizo de Contratación de data 14/04/2020, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto simplificado, asinado pola Técnica do Servizo de Contratación de data 14/04/2020.

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A concelleira delegada de Xestión Municipal mediante resolución de data 25/03/2020 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de servizo.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto simplificado e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Séptimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Octavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

**Noveno.-** Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

A evolución da pandemia deu lugar a que o Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarase a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a que se declarase o estado de alarma por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020.

A Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, a súa redacción vixente, acordou a suspensión de prazos administrativos, que afecta á totalidade do Sector público e aos expedientes de contratación. No entanto no apartado cuarto posibilita excepcionalmente mediante acordo motivado os procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estritamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma ou que sexan

indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

Neste senso, o presente contrato, que ten por obxecto o mantemento do sistema de arquivado Centera, pode considerarse exceptuado desta suspensión toda vez que se encadraría dentro daqueles procedementos administrativos indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos. O servizo que se vai contratar é imprescindible para o funcionamento dos maioría dos servizos de arquivado da información que dan soporte ó conxunto das aplicacións que integran o sistema de información do Concello.

En consecuencia, trátase dun contrato que da soporte aos servizos de tecnoloxías da información e da comunicación considerados críticos no actual contexto da crise sanitaria no conxunto da normativa do estado de alarma e nas resolucións que as diferentes Administracións van adoptando. Como exemplo, a preferencia polo traballo a distancia que recolle a exposición de motivos e o art. 5 do RDLei 8/2020, a excepción da posible suspensión dos contratos de informática de entre os recollidos no art. 34 do mesmo RD, ou a concepción dos servizos de comunicacións e outros servizos relacionados coas tecnoloxías da información como esenciais nas diferentes resolucións adoptadas polas Administracións respecto da actividade laboral dos seus funcionarios, como na resolución do 15 de marzo de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, entre outras.

Neste caso, trátase de ferramentas imprescindibles para a realización do desenvolvemento do traballo a distancia, medida adoptada no Decreto desta Alcaldía de 15 de marzo de 2020 con carácter extraordinario, co fin de acadar unha significativa redución da actividade presencial no Concello de Vigo, ordenando que todo o persoal municipal cuxas funcións permitan o seu desenvolvemento a distancia, prestarán o servizo dende o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial, en coherencia tamén coa declaración de situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia polo Consello da Xunta de Galicia o 13 de marzo de 2020.

Por outra banda, o servizo que se contrata non estaría afectado polas medidas de contención adoptadas tanto no artigo 10 do Real decreto 463/2020 polo que se declara o estado de alarma, modificado polo RD 465/2020, de 17 de marzo, nin no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

#### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de contratación de servizos núm. 8941/113, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a contratación do servizo de mantemento sistema de arquivado Centera, por resultar necesario para o funcionamento



## Concello de Vigo

básico dos servizos públicos deste Concello, tal e como se motivou na parte expositiva do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo de mantemento do sistema de arquivado Centra :

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 11/03/2020 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 25/03/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 14/04/2020 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 14/04/2020, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da Técnica do Servizo de Contratación de data 14/04/2020 , sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto , asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 14/04/2020.

**TERCEIRO.-** Autorizar o gasto de 33.000,00 €, que inclúe un IVE de 5.727,28 € , dende o 1 de Xuño de 2020 , o cal se imputará òs seguintes exercicios e partidas:

Exercicio	Partida	Importe
2020	9207.2279900	16.500,00 €
2021	9207.2279900	16.500,00 €

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(311).- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO (AFAN) PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE. EXPTE. 198464/301.**

Visto o informe de fiscalización do 30/04/2020, dáse conta do informe-proposta do 29/04/2020, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. A “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a atención e promoción das persoas necesitadas desde o principio da autodeterminación, facilitándolles os medios precisos ó seu alcance para o seu total desenvolvemento. Esta Asociación procura satisfacer as necesidades básicas das persoas e familias en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos, roupa e tamén pequenas axudas económicas para atender outras necesidades primarias como o pagamento dos subministros do fogar (luz, auga...) ou do alugamento.

I.2. A Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai moitos anos con AFAN, entidade colaboradora que presta un servizo inestimable cubrindo, en parte, as carencias da estrutura municipal actual na atención ás necesidades básicas de moitas persoas e familias en situación de precariedade económica.

I.3. Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11.04.2019 (Exp. nº 180489/301) aprobouse o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2019 – 2021)», que foi asinado polas partes o 15.04.2019.

I.4. O gasto total, para todo o periodo de vixencia deste Convenio, era de 165.000€, a razón de 55.000€/ano, con cargo no exercicio de 2019 á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 -*Convenio AFAN*-. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarían condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

I.5. Na súa Cláusula Cuarta estableceuse o réxime de pagamentos nestes termos:

«CUARTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- 1. No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.*
- 2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.*



## Concello de Vigo

*Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incursa en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións».*

I.6. Con todo, no contexto actual de grave crise sanitaria e social derivada da pandemia provocada polo COVID-19, resulta absolutamente necesario garantir tanto o normal funcionamento dos servizos sociais municipais como os daqueles que se realizan a través das diversas entidades colaboradoras que prestan un servizo inestimable de atención ás necesidades básicas de moitas persoas e familias en situación de precariedade económica; entidades de iniciativa social que están a atravesar tamén por graves dificultades de funcionamento debido ó incremento das solicitudes de axuda de alimentación básica.

I.7. É por este motivo polo que resulta necesario neste momento introducir unha modificación puntual no contido do Convenio asinado con AFAN (Cláusula Cuarta) a fin de **permitir o aboamento do 50% da contía anual pendente (27.500€), unha vez xa xustificado o primeiro 50% (consta no Exp. n.º 196316/301)**. Mantense, iso sí, a obriga de xustificación do 100% da subvención concedida con anterioridade ó 01.11.2020.

I.8. Dacordo co previsto na súa Cláusula Décimo primeira: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e instrumentarase mediante a correspondente Addenda».*

I.9. Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar, co contido indicado, a ADDENDA Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2019 – 2021)».

I.10. Tendo en conta a modificación proposta, considérase que, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), esta Addenda deberá ser sometida a informe da Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3).

I.11. Remitida para estes efectos a anterior proposta-Addenda de data 21-22.04.2020 (trámite n.º 14 do Exp. 198464/301), o Servizo de Intervención emitiu informe o 24.04.2020 suxerindo que polo Servizo xestor (Benestar Social) se considerase: *«...a conveniencia de modificar a cláusula cuarta, no sentido de reaxustar o período subvencionable dos gastos, de modo que xa se poida xustificar o 50% anticipado e pagar o 50% restante».* A nova proposta de Addenda que agora se formula, entendemos que recolle fielmente esa suxestión da Intervención xeral.

I.12. A competencia para aprobar a Addenda ó precitado Convenio correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e Apdo. terceiro, Ptos. 5, 13 e 14 das Resolucións da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e do 26.06.2019, de delegación de competencias (2019-2023) nos/as concelleiros/as delegados/as de Área.

I.13. Enténdese que, pola materia obxecto desta Addenda e a finalidade do Convenio que na súa virtude se modifica, a súa aprobación polo órgano competente municipal estaría expresamente abeirada polo RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), que estableceu con carácter xeral a suspensión da totalidade dos trámites e a interrupción dos prazos de tramitación dos procedementos administrativos, a non ser a daqueles referidos a situacións estreitamente vencelladas ós feitos xustificativos do estado de alarma e os indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4).

No mesmo sentido exprésase, para o ámbito interno do Concello de Vigo, a Concellería delegada de Xestión municipal na súa “*Nota informativa suspensión de prazos administrativos (Estado de Alarma RD 463/2020 e RD 465/2020)*”, do 20.03.2020 (Exp. nº 788/1102).

I.14. A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBRL e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa (Resolucións do 18.06.2019 e 26.06.2019, Apdo. Terceiro, Pto. 5 e Base nº 40.2), á Concelleira delegada de Política de Benestar Social.

I.15. O preceptivo informe xurídico (Base nº 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO.- Acordar, ó abeiro do previsto na Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4, do RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), a continuación do procedemento incoado para a aprobación da Addenda ó Convenio de colaboración entre este Concello e a “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)”, por consideralo incluído nos supostos exceptuados da suspensión de trámites e interrupción de prazos de tramitación pola súa directa vinculación cos feitos xustificativos do estado de alarma, a protección do interese xeral e o funcionamento básico dos servizos sociais no contexto da actual situación de crise sanitaria global e de resposta social inmediata ás necesidades básicas da cidadanía.

SEGUNDO.- Prestar aprobación á ADDENDA Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2019 – 2021)», co texto que a seguir se transcribe.





## Concello de Vigo

TERCEIRO.- Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2019 – 2021)»

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

### COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno Local, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D<sup>a</sup>. Hortensia González Fernández, con DNI nº 35.914.549-A, presidenta da Asociación, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Pastora nº 44 desta cidade.

### INTERVEÑEN

D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, dacordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D<sup>a</sup>. Hortensia González Fernández, actuando en representación da “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)” (CIF 36.660.348), segundo así resulta dos seus estatutos e dos acordos asemblearios adoptados, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización da presente Addenda e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

#### EXPOÑEN

I. O 15.04.2019 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2019 – 2021)», aprobado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11.04.2019 (Exp. nº 180489/301).

II. Constitúe o obxecto dese Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor de AFAN para a atención inmediata de persoas e familias en situación de necesidade.

III. Na súa Cláusula Cuarta estableceuse o réxime de pagamentos:

«CUARTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- 1. No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.*
- 2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.*

*Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións».*

IV. Por outra banda, nas Bases de execución dos Orzamentos (Base nº 38: “Subvencións”, Apdo. 7), establécense as seguintes limitacións ós anticipos:

*«En supostos excepcionais, tras a motivación que o xustifique, polo órgano competente poderanse outorgar subvencións con xustificación diferida ata o límite do 50% do importe*



## Concello de Vigo

*concedido; queda condicionada a liquidación desta á presentación e conformidade dos documentos orixinais que xustifiquen a realización da actividade. A segunda entrega e liquidación da mesma, está condicionada a xustificación total do gasto, tendo en conta a aplicación a finalidade prevista como gasto elixible e a presentación da documentación xustificativa. Cabe a posibilidade de establecer nas bases ou se fose o caso na convocatoria un segundo ou posteriores anticipos, sempre e cando teña xustificado o primeiro ou anterior, non excedendo cada un deles o 50% da contía concedida pendente de xustificar».*

V. Con todo, no contexto actual de grave crise sanitaria e social derivada da pandemia provocada polo COVID-19, resulta absolutamente necesario garantir tanto o normal funcionamento dos servizos sociais municipais como os daqueles que se realizan a través das diversas entidades colaboradoras que prestan un servizo inestimable de atención ás necesidades básicas de moitas persoas e familias en situación de precariedade económica; entidades de iniciativa social que están a atravesar tamén por graves dificultades de funcionamento debido ó incremento das solicitudes de axuda de alimentación básica.

VI. A entrada en vigor do estado de alarma decretado a partir do 14.03.2020 supuxo a aplicación de severas medidas restritivas da mobilidade e do desenvolvemento das actividades cotiás da poboación. A finalidade primordial segue a ser frear o ritmo da transmisión comunitaria para evitar un colapso do sistema sanitario con medidas drásticas e apelando á responsabilidade da poboación no seu conxunto.

Sen embargo, esta situación está a ter un enorme impacto nas persoas máis vulnerables, vencelladas ou non ós servizos sociais, por dous motivos fundamentais:

- 1) Semella demostrado que o COVID-19 incrementa a súa letalidade sensiblemente en persoas de idade con patoloxías previas.
- 2) O único remedio aplicable nestes momentos, o aillamento social, recae sobre moitas persoas para as que esta medida pode ter uns efectos moi negativos de non se arbitrar medidas de compensación inmediatas.

Consciente desa vulnerabilidade e da necesidade de seguir ofrecendo os apoios indispensables, o mesmo RD.463/2020 estableceu no seu Art. 7.1.e] unha excepción ás limitacións da liberdade de circulación de persoas, referida á asistencia e coidado a persoas maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.

A día de hoxe, tanto o Banco de España como diversos organismos internacionais (FMI, BCE, OCDE...) recoñecen a entrada en recesión económica, con efectos que poden ser devastadores para a poboación máis vulnerable, agravada polas polas masivas perdas de emprego que xa se están producindo.

Debido a toda esta situación, estase a producir na nosa cidade un incremento masivo de demandas de alimentos ás entidades que teñen conveniado co Concello de Vigo o reparto de alimentos e o funcionamento de comedores sociais.

É por este motivo polo que resulta necesario neste momento introducir unha modificación puntual no contido do Convenio asinado con AFAN (Cláusula Cuarta) a fin de **permitir o**

**aboaemento do 50% da contía anual pendente (27.500€), unha vez xa xustificado o primeiro 50% (consta no Exp. n.º 196316/301).**

Mantense, iso sí, a obriga de xustificación do 100% da subvención concedida con anterioridade ó 01.11.2020.

VII. Dacordo co previsto na súa Cláusula Décimo primeira: «*Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e instrumentarase mediante a correspondente Addenda*».

Tendo en conta o anteriormente exposto as partes,

#### ACORDAN

«PRIMEIRO: Modificar a Cláusula Cuarta do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2019 – 2021)», que quedará coa seguinte redacción:

«CUARTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. *No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. **Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano.** Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.*
2. ***Con carácter excepcional e a fin de garantir o normal funcionamento da actividade de subministro de alimentos básicos por parte de AFAN no contexto da grave crise provocada pola pandemia do COVID-19, o 50% restante do importe da subvención poderá aboarse tan pronto como se xustifique o anterior 50%, pospoñéndose a xustificación da totalidade da subvención concedida para a data límite do 1 de novembro;** xustificación que deberá realizarse mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.*

*Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro,*



## Concello de Vigo

*xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións».*

SEGUNDO: A presente Addenda estará en vigor durante a vixencia que resta do Convenio suscrito o 15.04.2019 entre o Concello de Vigo e a representante da «Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)».

E en proba de conformidade, as partes asinan esta Addenda, por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

### **4(312).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MÁSCARAS CIRÚRXCAS POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA. EXPTE. 9557/320.**

Visto o informe do 04/05/2020, da xefa do servizo de Contratación, conformado pola concelleira de Área, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

Por Resolución da Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

A evolución da pandemia deu lugar a que o Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarase a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre as medidas adoptadas a nivel municipal, en relación coa contratación, o propio 13 de marzo de 2020 o órgano de contratación, a Xunta do Goberno local, acordou declarar a emerxencia dos contratos necesarios para adoptar medidas relacionadas coa crise xerada polo Coronavirus:

*“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus COVID-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*

*2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus COVID-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.*

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Segundo.-** En data 30 de abril de 2020, o xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local elabora memoria xustificativa na que pon de relevo o seguinte:

“A situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 xera a necesidade de que as Administracións desenvolvan unha labor de axuda a persoas en situación de especial vulnerabilidade. As entidades locais, coma cauces inmediatos da participación cidadá nos asuntos públicos, que institucionalizan e xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes colectividade, teñen entre as súas competencias propias a “Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social” así coma a “Protección da salubridade pública” (artigo 25.2 apartados e) e j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

Na área de goberno de Participación Cidadá tense centralizado a recepción da demanda de recursos e materiais necesarios pola situación xerada polo COVID-19 das diferentes áreas de goberno municipais e a comunicación ás autoridades competentes así coma tamén, a formación dun rexistro de ofertas voluntarias de bens, subministros e servizos de necesidade de medios precisos para o mantemento das medidas prescritas polas autoridades sanitarias, téndose recibido a través do servizo de Información 010 consultas por parte de cidadáns e empresas solicitando información do Concello de Vigo para adquirir os elementos de protección individual necesarios para garantir a seguridade por mor do Covid-19; o que motiva que resulte necesario unha resposta de xeito áxil e coordinado co resto dos servizos municipais, nomeadamente, Benestar Social, Protección civil, área de Seguridade Cidadá, Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais dependente da Área de Recursos Humanos e Formación e a Oficina Municipal de Voluntariado, para proveerse dos recursos e materiais de protección que posibiliten a adopción das medidas precisas pola situación xerada polo COVID-19 para satisfacer as necesidades municipais.”

En dita memoria xustifica a elección do contratista, DT Soluciones Cardíacas y Endovasculares, S.L.

As características do contrato son as seguintes:

- O obxecto do contrato é o subministro de 100.000 máscaras cirúrxicas, incluídas no apartado 15 do Anexo ao RD Lei 15/2020, do 21 de abril: *Máscaras faciais textís, sen filtro reemplazable nin pezas mecánicas, incluídas as máscaras cirúrxicas e as máscaras faciais desbotables fabricadas con material textil non tecido, Código NC ex 6307 90 10.*



## Concello de Vigo

- O prezo é de 0,60 €/ud (IVE do 0%).
  - O prezo ofertado non supera o importe máximo de venda ao público establecido, para as máscaras cirúrxicas, na Resolución de 22 de abril de 2020 da Dirección xeral de Carteira común de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e farmacia, pola que se publica o Acordo da Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos de 21 de abril de 2020 (BOE núm. 113, de 23 de abril) .
  - Consta informe incorporado ao expediente sobre o tipo de IVE aplicable ao subministro, a tenor do disposto no artigo 8 do Real Decreto-lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego (BOE n.º 122, de 22 de abril)
- O prazo de execución do subministro é de 20 días a contar dende o seguinte á notificación do acordo de adxudicación ao contratista.
- Neste contrato, tendo en conta a natureza das prestacións obxecto do contrato non é necesario fixar prazo de garantía.
- As características técnicas das máscaras cirúrxicas están especificadas na oferta e ficha técnica incorporadas ao expediente.

**Terceiro.-** O licitador seleccionado, DT Soluciones Cardíacas y Endovasculares, S.L. declara que ten aptitude para contratar.

**Cuarto.-** Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 9240 2269900 *GASTOS DIVERSOS*.

Ao non existir crédito suficiente, unha vez adoptado o acordo, deberá incrementarse á súa dotación en 60.000 euros.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

#### **A TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA DOS CONTRATOS RELATIVOS A MEDIDAS RELATIVAS Á SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-2019**

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), prevé tres formas de tramitación do expediente de contratación: ordinaria, urxente e de emerxencia.

A principal diferenza entre eles é o diferente prazo de duración da tramitación do expediente.

A tramitación ordinaria é a que se segue por regra xeral, salvo que haxa motivos para declarar a tramitación urxente ou que permitan aplicar a tramitación de emerxencia.

Os expedientes cualificados de urxentes tramitaranse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, máis gozarán de preferencia para o seu despacho e os prazos establecidos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade.

A tramitación de emerxencia se caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

A **tramitación de emerxencia** está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo
- 3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

A crise xerada polo coronavirus COVID-2019 pode cualificarse como unha situación que supón grave perigo, o que permitiría aplicar a tramitación de emerxencia (artigo 120.1 LCSP).

Nesta liña, a XGL, en data 13 de marzo, adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus covid-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*

*2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus covid-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.*

Da memoria do servizo xestor despréndese que o presente contrato está relacionado directamente coas medidas adoptadas para facer fronte ao coronavirus covid-2019 polo que está xustificada a tramitación de emerxencia do mesmo e o seu obxecto é de competencia municipal.

-II-

## **DO RÉXIME DOS CONTRATOS DE EMERXENCIA**

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso





## Concello de Vigo

- o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedécese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
  3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
  4. Renderase a conta xustificativa do libramento que, no seu caso, se efectuase, con reintegro dos fondos non investidos.
  5. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

### -III-

#### DO CRÉDITO PARA FACER FRONTE AO GASTO

Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 9240 2269900 *GASTOS DIVERSOS*.

Ao non existir crédito suficiente, unha vez adoptado o acordo, deberá incrementarse á súa dotación en 60.000 euros.

### -IV-

#### COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

#### ACORDO

*“1º Adxudicar o contrato de SUBMINISTRO DE 100.000 MÁSCARAS CIRÚRXCAS, á empresa DT Soluciones Cardíacas y Endovasculares, S.L., aplicando a tramitación de emerxencia ao abeiro do artigo 120 da LCSP, coas seguintes características:*

- *O obxecto do contrato é o subministro de 100.000 máscaras cirúrxicas, cos requisitos previstos no apartado 15 do Anexo ao RD Lei 15/2020, do 21 de abril: Máscaras faciais textís, sen filtro reemplazable nin pezas mecánicas, incluídas as máscaras cirúrxicas e as máscaras faciais desbotables fabricadas con material textil non tecido, Código NC ex 6307 90 10.*
- *O prezo unitario é de 0,60 €/ud (IVE do 0%).*

- O prazo de execución do subministro é de 20 días a contar dende o seguinte á notificación do acordo de adxudicación ao contratista.
- Neste contrato, tendo en conta a natureza das prestacións obxecto do contrato non é necesario fixar prazo de garantía.
- As características técnicas das máscaras cirúrxicas están especificadas na oferta e ficha técnica incorporadas ao expediente.
- A responsable do contrato é a xefa do servizo de Participación cidadá.

2º Incoar a oportuna modificación orzamentaria para dotar á aplicación orzamentaria 9240 2269900 GASTOS DIVERSOS do estado de gastos do vixente orzamento municipal, do crédito necesario para facer fronte ao gasto que se deriva do presente expediente”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(313).- DECLARAR DESERTO O LOTE 2 DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA O ALLEAMENTO DE EFECTOS NON UTILIZABLES (VEHÍCULOS AO FINAL DA SÚA VIDA ÚTIL E MATERIAL DE CHATARRA) EXPTE. 13981/445.**

Dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 28.04.2020, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de abril de 2020, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación (declaración deserto lote 2)

b) Procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445) (lote 2)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo



## Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445) (lote 2)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 30 de xaneiro de 2020 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado, para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 3 de febreiro de 2020, rematando o prazo de presentación de ofertas o 13 de febreiro de 2020.

**Terceiro.-** Mediante acordo da Mesa de Contratación de datas 20 e 27 de febreiro de 2020, foron admitidos neste procedemento, os seguintes licitadores:

1. NIETO DACOSTA, S.L.
2. IMPORT. EXPORT. MARTINEZ SOUTO, S.L.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 12 de marzo de 2020, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

*“Primeiro.- Rexeitar a proposición presentada por NIETO DA COSTA, S.L. desta licitación por ter recoñecido o licitador que adolece de erro que a fai inviable (artigo 84 do RD 1098/2001, do 12 de outubro).*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no lote 2 deste procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Oferta</b>
1	IMPORT. EXPORT. MARTINEZ SOUTO, S.L.	31.800,00 €

**Terceiro.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMPORT. EXPORT. MARTINEZ SOUTO, S.L. (B-36.334.415), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación, ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Quinto.-** O 17 de marzo de 2020, dentro do prazo concedido, IMPORTACIONES Y EXPORTACIONES MARTÍNEZ SOUTO, S.L. presenta documentación.

**Sexto.-** A Xunta de Goberno local, en relación co impacto na contratación municipal da normativa ditada para xestionar a crise derivada do COVID-19 (expte. 6446/241), na sesión que tivo lugar o 9 de abril de 2020, adoptou o seguinte acordo:

*1º.- Excepcionar da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos polas razóns expostas e continuar coa tramitación das seguintes actuacións e procedementos:*

- *A tramitación interna dos expedientes de contratación.*
- *A emisión de informes de valoración de ofertas solicitados pola Mesa de contratación ós técnicos municipais.*
- *A celebración de sesións pola Mesa de Contratación para garantir a continuación da tramitación dos expedientes de contratación.*
- *A presentación da documentación esixida o primeiro clasificado se as empresas clasificadas manifestan a súa conformidade.*
- *A formalización dos contratos nos que concorran as circunstancias previstas no apartado I.A.3.*
- *Procedementos de modificación de contratos.*
- *Procedementos de cesión de contratos.*
- *Procedementos de resolución dos contratos en execución se media a conformidade do contratista.*
- *Procedementos de prórroga dos contratos.*

*2º.- Naqueles supostos que os procedementos non estean suspendidos conforme ó disposto no apartado 4 da disposición adicional 3º do RD 463/2020, deberá xustificarse esta circunstancia.*

*3º.- Dar traslado do presente acordo ao conxunto das Áreas Delegadas de Goberno municipal, e ós responsables das áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.*

*4º.- Dar publicidade ao presente acordo na Intranet municipal".*

**Sétimo.-** Con data 15 de abril de 2020, D. Manuel Martínez Souto, con DNI 35.785.467-C, en representación da mercantil Import y Export Martinez Souto, S.L., presenta declaración na que manifesta a súa conformidade coa non suspensión dos prazos neste expediente.

**Oitavo.-** A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 21 de abril de 2020, acordou, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a IMPORTACIONES Y EXPORTACIONES MARTÍNEZ SOUTO, S.L. para que puidera emendar a documentación presentada.

O licitador presentou a documentación o 22 de abril de 2020, dentro do prazo concedido.

**Noveno.-** Na sesión do 28 de abril de 2020, a Mesa de Contratación comproba a documentación presentada e acorda que esta non é correcta, por non quedar debidamente acreditada a solvencia do licitador ao non presentar o certificado da alta no rexistro de empresas xestoras de residuos necesaria para o tratamento do código LER 17 04 10



## Concello de Vigo

(esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP), polo que se entende retirada a súa oferta. Ao non haber máis licitadores clasificados neste procedemento, cómpre declarar deserta a licitación.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** De conformidade co primeiro punto da disposición adicional terceira do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo *“suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público (...). Así mesmo, no seu punto 3 establece “No entanto o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo”.*

Para estes efectos consta acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do 9 de abril de 2020 polo que se exceptiona da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos e se acorda continuar coa tramitación de determinadas actuacións e procedementos, entre outros, *“a celebración de sesións pola Mesa de Contratación para garantir a continuación da tramitación dos expedientes de contratación”.*

Así mesmo, consta no expediente a conformidade do único licitador clasificado no procedemento coa non suspensión dos prazos neste procedemento.

**Segundo.-** O artigo 150.2 da LCSP, en relación coa documentación requirida para a adxudicación do contrato, establece que *“De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía provisional, se se tivera constituído, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71.*

*No suposto sinalado no parágrafo anterior, procederase a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaron clasificadas as ofertas”.*

Dado que o único licitador clasificado no lote 2 deste procedemento, non acreditou correctamente a documentación requirida, procede declarar deserto este procedemento.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

1. *“Entender retirada a oferta presentada por IMPORTACIONES Y EXPORTACIONES MARTÍNEZ SOUTO, S.L. ao non ter cumprimentado correctamente o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP.*
2. *Declarar deserto o lote 2 “residuos de materiais metálicos” do procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445) por non haber máis licitadores clasificados neste procedemento”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(314).- ADXUDICACIÓN DUN CONTRATO DE SUBMINISTRO DE PAN PARA O PROGRAMA DE REPARTO DE COMIDA A DOMICILIO, POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA. EXPTE. 198667/301.**

Dáse conta do informe-proposta de data 04/05/2020, asinado pola xefa do servizo de Contratación, e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

Por Resolución da Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

A evolución da pandemia deu lugar a que o Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarase a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre as medidas adoptadas a nivel municipal, en relación coa contratación, o propio 13 de marzo de 2020 o órgano de contratación, a Xunta do Goberno local, acordou declarar a emerxencia dos contratos necesarios para adoptar medidas relacionadas coa crise xerada polo Coronavirus:



## Concello de Vigo

*“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus COVID-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*

*2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus COVID-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.*

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Segundo.-** En data 30 de abril de 2020, o xefe da Área de Benestar Social, coa conformidade da concelleira de Política Social e Cíes Patrimonio da Humanidade, elabora memoria xustificativa na que pon de relevo a necesidade de contratar o suministro de pan para o programa de reparto de comida a domicilio desenvolvido polo servizo de Benestar Social como medida para evitar que tanto as persoas maiores como as persoas vulnerables usuarias dos comedores sociais saian das súas casas permitindo así que cumpran coas medidas de confinamento derivadas do estado de alarma pola crise sanitaria COVID-19.

A memoria identifica as características do contrato que pretende celebrar e xustifica a elección do contratista, *PANADERÍA MAGALLANES S.L.*.

As características do contrato son as seguintes:

- O obxecto do contrato é o subministro, segundo necesidades, do pan para o desenvolvemento do programa de reparto de comida a domicilio posto en funcionamento con motivo do estado de alarma pola crise sanitaria COVID-19.
- O prezo unitario é de 0,26 €/bolo (IVE engadido).
- O subministro diario medio é de 700 unidades.
- O prazo de execución do contrato é indeterminado en función das circunstancias mentres dure a crise do COVID-19. A efectos orzamentarios estimase unha duración aproximada de 2 meses.
- O responsable do contrato será o xefe de Area de Benestar Social.
- Forma de pago: O prezo aboaráselle ó contratista previa a presentación da correspondente factura
- Non se fixa prazo de garantía dadas as características das prestacións obxecto do presente contrato cuxos efectos se esgotan no momento da finalización do mesmo.

**Terceiro.-** O licitador seleccionado, *PANADERÍA MAGALLANES S.L.*, declara que ten aptitude para contratar.

**Cuarto.-** Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 2310.2279910 (Xestión COVID-19) e a súa bolsa de vinculación, que ten crédito suficiente para aboar o prezo deste contrato..

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### **A TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA DOS CONTRATOS RELATIVOS A MEDIDAS RELATIVAS Á SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-2019**

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), prevé tres formas de tramitación do expediente de contratación: ordinaria, urxente e de emerxencia.

A principal diferenza entre eles é o diferente prazo de duración da tramitación do expediente.

A tramitación ordinaria é a que se segue por regra xeral, salvo que haxa motivos para declarar a tramitación urxente ou que permitan aplicar a tramitación de emerxencia.

Os expedientes cualificados de urxentes tramítanse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, máis gozarán de preferencia para o seu despacho e os prazos establecidos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade.

A tramitación de emerxencia se caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

A **tramitación de emerxencia** está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo
- 3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

A crise xerada polo coronavirus COVID-2019 pode cualificarse como unha situación que supón grave perigo, o que permitiría aplicar a tramitación de emerxencia (artigo 120.1 LCSP).

Nesta liña, a XGL, en data 13 de marzo, adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus covid-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*

*2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus covid-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.*

Da memoria do servizo xestor despréndese que o presente contrato está relacionado directamente coas medidas adoptadas para facer fronte ao coronavirus covid-2019 polo que está xustificada a tramitación de emerxencia do mesmo e o seu obxecto é de competencia municipal. O obxecto do contrato é o subministro do pan para o programa de reparto de





## Concello de Vigo

comida a domicilio desenvolvido polo servizo de Benestar Social como medida para evitar que tanto as persoas maiores como as persoas vulnerables usuarias dos comedores sociais saian das súas casas permitindo así que cumpran coas medidas de confinamento derivadas do estado de alarma pola crise sanitaria COVID-19.

A situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 xera a necesidade de que as Administracións desenvolvan unha labor de axuda a persoas en situación de especial vulnerabilidade. As entidades locais teñen entre as súas competencias propias a “Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social” e a “Protección da salubridade pública” (artigo 25.2.e e j da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

### -II-

#### **DO RÉXIME DOS CONTRATOS DE EMERXENCIA**

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedécese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
4. Renderase a conta xustificativa do libramento que, no seu caso, se efectuase, con reintegro dos fondos non investidos.
5. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

### -III-

#### **DO CRÉDITO PARA FACER FRONTE AO GASTO**

Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 2310.2279910 (Xestión COVID-19) e a súa bolsa de vinculación, que ten crédito suficiente para aboar o prezo deste contrato.

### -IV-

#### **COMPETENCIA**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

#### ACORDO

*“Adxudicar o contrato de subministro do pan para o programa de reparto de comida a domicilio desenvolvido polo servizo de Benestar Social á empresa PANADERÍA MAGALLANES S.L. (B27777754), aplicando a tramitación de emerxencia ó abeiro do artigo 120 da LCSP, coas seguintes características:*

- *O obxecto do contrato é o subministro do pan para o programa de reparto de comida a domicilio desenvolvido polo servizo de Benestar Social.*
- *O prezo unitario é de 0,26€/bolo (IVE engadido).*
- *O subministro diario medio é de 700 unidades.*
- *O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 2310.2279910 (Xestión COVID-19) e a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento, que dispón de crédito suficiente.*
- *O prazo de execución do contrato é indeterminado en función das circunstancias mentras dure a crise do COVID-19. A efectos orzamentarios estimase unha duración aproximada de 2 meses.*
- *O responsable do contrato será o xefe da Área de Benestar Social*
- *Forma de pagamento: o prezo correspondente ao subministro aboaráselle ó contratista previa a presentación da correspondente factura*
- *Non se fixa prazo de garantía dadas as características das prestacións obxecto do presente contrato cuxos efectos se esgotan no momento da finalización do mesmo”.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(315).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO INFORMÁTICO DUN MÓDULO PARA IMPLEMENTAR NO PROGRAMA DE XESTIÓN DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL , POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA. EXPTE. 197779/301.**

Dáse conta do informe-proposta de data 04/05/2020, asinado pola xefa do servizo de Contratación e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



## Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

Por Resolución da Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

A evolución da pandemia deu lugar a que o Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarase a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre as medidas adoptadas a nivel municipal, en relación coa contratación, o propio 13 de marzo de 2020 o órgano de contratación, a Xunta do Goberno local, acordou declarar a emerxencia dos contratos necesarios para adoptar medidas relacionadas coa crise xerada polo Coronavirus:

*“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus COVID-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*

*2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus COVID-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.*

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Segundo.-** En data 30 de abril de 2020, o Xefe de Área de Benestar Social elabora memoria xustificativa na que pon de releve a necesidade de contratar o desenvolvemento urxente dun módulo a incluír no programa de xestión do servizo de Benestar Social (XIESS) que aporte axilidade á atención ás persoas en situación de necesidade dende o teléfono del 010 e que sexa accesible en modo teletraballo, identifica as características do contrato que pretende celebrar e xustifica a elección do contratista, IMATIA INNOVATION SL .

As características do contrato son as seguintes:

- O obxecto do contrato é a contratación do servizo de desenvolvemento urxente dun módulo a incluír no programa de xestión do servizo de Benestar Social (XIESS) .
- O prezo é de 11.979,00 € euros (IVE engadido).
- O detalle do contido do contrato está especificado na oferta incorporada ao expediente.
- O responsable do contrato será o xefe de Area de Benestar Social.
- Forma de pago: o prezo aboaráselle ao contratista previa a presentación da correspondente factura.

- O prazo de garantía é de 6 meses..

**Terceiro.-** Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 2310.2279910 (Xestión COVID-19) e a súa bolsa de vinculación, que ten crédito suficiente para aboar o prezo deste contrato.

**Cuarto.-** Polo servizo de Contratación comprobouse que o licitador seleccionado ten aptitude para contratar.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### A TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA DOS CONTRATOS RELATIVOS A MEDIDAS RELATIVAS Á SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-2019

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), prevé tres formas de tramitación do expediente de contratación: ordinaria, urxente e de emerxencia.

A principal diferenza entre eles é o diferente prazo de duración da tramitación do expediente.

A tramitación ordinaria é a que se segue por regra xeral, salvo que haxa motivos para declarar a tramitación urxente ou que permitan aplicar a tramitación de emerxencia.

Os expedientes cualificados de urxentes tramítanse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, máis gozarán de preferencia para o seu despacho e os prazos establecidos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade.

A tramitación de emerxencia se caracterízase porque nestes casos podese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

A **tramitación de emerxencia** está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo
- 3) Necesidades que afecten á defensa nacional.



## Concello de Vigo

A crise xerada polo coronavirus COVID-2019 pode cualificarse como unha situación que supón grave perigo, o que permitiría aplicar a tramitación de emerxencia (artigo 120.1 LCSP).

Nesta liña, a XGL, en data 13 de marzo, adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus covid-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*

*2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus covid-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.*

Da memoria do servizo xestor despréndese que o presente contrato está relacionado directamente coas medidas adoptadas para facer fronte ó coronavirus covid-2019 polo que está xustificada a tramitación de emerxencia do mesmo e o seu obxecto é de competencia municipal.

A situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 xera a necesidade de que as Administracións desenvolvan unha labor de axuda a persoas en situación de especial vulnerabilidade. As entidades locais teñen entre as súas competencias propias a “Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social” e a “Protección da salubridade pública” (artigo 25.2.e e j da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

-II-

### **DO RÉXIME DOS CONTRATOS DE EMERXENCIA**

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obrigación de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedécese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
4. Se renderá a conta justificativa do libramiento que, no seu caso, se efectuase, con reintegro dos fondos non investidos.
5. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

**-III-**  
**DO CRÉDITO PARA FACER FRONTE Ó GASTO**

Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 2310.2279910 (Xestión COVID-19) e a súa bolsa de vinculación, que ten crédito suficiente para aboar o prezo deste contrato.

**-IV-**  
**COMPETENCIA**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**ACORDO**

*“Adxudicar o contrato de servizos para o desenvolvemento urxente dun módulo a incluír no programa de xestión do servizo de Benestar Social (XIESS), á empresa IMATIA INNOVATION SL (B36499960) aplicando a tramitación de emerxencia ó abeiro do artigo 120 da LCSP, coas seguintes características:*

- *O obxecto do contrato é o servizo de desenvolvemento urxente dun módulo a incluír no programa de xestión do servizo de Benestar Social (XIESS).*
- *O prezo é de 11.979,00 € euros (IVE engadido).*
- *O detalle do contido do contrato está especificado na oferta incorporada ao expediente.*
- *O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 2310.2279910 (Xestión COVID-19), que dispón de crédito suficiente.*
- *O responsable do contrato será o xefe de Área de Benestar Social.*
- *Forma de pago: o prezo aboaráselle ao contratista previa a presentación da correspondente factura.*
- *O prazo de garantía é de 6 meses”.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(316).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA DO DISPOSITIVO DE ALOXAMENTO PROVISIONAL HABILITADO NO SEMINARIO MAIOR DE VIGO, POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA. EXPTE. 198965/301.**



## Concello de Vigo

Dáse conta do informe-proposta de data 04/05/2020, asinado pola xefa do servizo de Contratación e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

Por Resolución da Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

A evolución da pandemia deu lugar a que o Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarase a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre as medidas adoptadas a nivel municipal, en relación coa contratación, o propio 13 de marzo de 2020 o órgano de contratación, a Xunta do Goberno local, acordou declarar a emerxencia dos contratos necesarios para adoptar medidas relacionadas coa crise xerada polo Coronavirus:

*“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus COVID-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*

*2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus COVID-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.*

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Segundo.-** En data 30 de abril de 2020, o Xefe de Área de Benestar Social elabora memoria xustificativa na que pon de releve a necesidade de contratar o servizo de limpeza do dispositivo de aloxamento provisional habilitado no Seminario Maior de Vigo como recurso complementario para dar resposta ás necesidades de aloxamento das persoas en situación ou risco de exclusión social derivadas das medidas de illamento establecidas polo estado de alarma decretado por mor da crise sanitaria COVID-19, identifica as características do con-

trato que pretende celebrar e xustifica a elección do contratista, *MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.*.

As características do contrato son as seguintes:

- O obxecto do contrato é a contratación do servizo de limpeza do dispositivo de aloxamento provisional habilitado no Seminario Maior de Vigo.
- O prezo é de 445,28 (IVE engadido).
- As características do servizo están especificadas na oferta incorporada ao expediente.
- O responsable do contrato será o xefe de Área de Benestar Social.
- Forma de pago: O prezo aboaráselle ao contratista previa a presentación da correspondente factura
- Non se fixa prazo de garantía dadas as características das prestacións obxecto do presente contrato cuxos efectos se esgotan no momento da finalización do mesmo.

**Terceiro.-** Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 2310.2279910 (Xestión COVID-19) e a súa bolsa de vinculación, que ten crédito suficiente para aboar o prezo deste contrato.

**Cuarto.-** Polo servizo de Contratación comprobouse que o licitador seleccionado ten aptitude para contratar.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

-I-

### **A TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA DOS CONTRATOS RELATIVOS A MEDIDAS RELATIVAS Á SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-2019**

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), prevé tres formas de tramitación do expediente de contratación: ordinaria, urxente e de emerxencia.

A principal diferenza entre eles é o diferente prazo de duración da tramitación do expediente.

A tramitación ordinaria é a que se segue por regra xeral, salvo que haxa motivos para declarar a tramitación urxente ou que permitan aplicar a tramitación de emerxencia.

Os expedientes cualificados de urxentes tramítanse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, máis gozarán de preferencia para o seu despacho e os prazos establecidos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade.





## Concello de Vigo

A tramitación de emerxencia se caracterizase porque nestes casos podese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

A **tramitación de emerxencia** está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo
- 3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

A crise xerada polo coronavirus COVID-2019 pode cualificarse como unha situación que supón grave perigo, o que permitiría aplicar a tramitación de emerxencia (artigo 120.1 LCSP).

Nesta liña, a XGL, en data 13 de marzo, adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus covid-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*

*2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus covid-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.*

Da memoria do servizo xestor despréndese que o presente contrato está relacionado directamente coas medidas adoptadas para facer fronte ó coronavirus covid-2019 polo que está xustificada a tramitación de emerxencia do mesmo e o seu obxecto é de competencia municipal.

A situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 xera a necesidade de que as Administracións desenvolvan unha labor de axuda a persoas en situación de especial vulnerabilidade. As entidades locais teñen entre as súas competencias propias a “Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social” e a “Protección da salubridade pública” (artigo 25.2.e e j da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

-II-

### DO RÉXIME DOS CONTRATOS DE EMERXENCIA

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obrigación de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedécese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
4. Se renderá a conta justificativa do libramiento que, no seu caso, se efectuase, con reintegro dos fondos non investidos.
5. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

-III-

#### **DO CRÉDITO PARA FACER FRONTE Ó GASTO**

Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 2310.2279910 (Xestión COVID-19) e a súa bolsa de vinculación, que ten crédito suficiente para aboar o prezo deste contrato.

-IV-

#### **COMPETENCIA**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

#### **ACORDO**

*“Adxudicar o contrato do servizo de limpeza do dispositivo de aloxamento provisional habilitado no Seminario Maior de Vigo á empresa MANTELNOR LIMPIEZAS S.L. (B15857220), aplicando a tramitación de emerxencia ó abeiro do artigo 120 da LCSP, coas seguintes características:*

- *O obxecto do contrato é o servizo servizo de limpeza do dispositivo de aloxamento provisional habilitado no Seminario Maior de Vigo.*
- *O prezo é de 445,28€ (IVE engadido).*



## Concello de Vigo

- *O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 2310.2279910 (Xestión COVID-19) e a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento, que dispón de crédito suficiente.*
- *O responsable do contrato será o xefe da Área de Benestar Social*
- *Forma de pagamento: o prezo correspondente ao servizo aboaráselle ó contratista previa a presentación da correspondente factura unha vez realizada a limpeza*
- *Non se fixa prazo de garantía dadas as características das prestacións obxecto do presente contrato cuxos efectos se esgotan no momento da finalización do mesmo”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(317).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUBE DEPORTIVO VALLADARES EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2019/2020. EXPTE. 19588/333.**

Visto o informe xurídico do 23/04/2020 e o informe de fiscalización do 29/04/2020, dáse conta do informe-proposta de data 22/04/2020, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 16.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.15 a favor da entidade Clube Deportivo Valladares polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2019/2020.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que o Clube Deportivo Valladares conta cun equipo de elite na modalidade de Fútbol Feminino na categoría 2ª División de ámbito nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na na categoría 2ª división feminina, hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2019/2020, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Clube Deportivo Valladares e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *"Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.."* e que *"...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre"*.



## Concello de Vigo

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Clube Deportivo Valladares para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2020, na partida orzamentaria 3410.489.00.15, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Clube Deportivo Valladares durante a tempada deportiva 2019/2020, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2020.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Respecto a tramitación cabe sinalar a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, determina a suspensión dos trámites e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Non onstante dita disposición adicional 3ª do RD 463/2020, do 14 de marzo determina que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

Visto que o interesado/a manifestou a súa conformidade coa non suspensión do prazo procede a continuidade na tramitación do expediente polo que coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Deportes e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, faise a

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

**PRIMEIRO:** Continuar a tramitación do expediente administrativo de subvención nominativa como entidade de elite o Clube Deportivo Valladares, xa que se acreditou no expediente a conformidade do interesado de que non se suspenda o prazo.

**SEGUNDO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Clube Deportivo Valladares para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2019/2020 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**TERCEIRO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 16.000,00€. a favor da entidade Clube Deportivo Valladares co CIF: G-36629657 e enderezo social na Camiño do Fútbol SN, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 19588-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.15 do vixente orzamento.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO VALLADARES EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2019/2020 (EXpte. 19588/333).*

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil vinte.*

#### **REUNIDOS**

*Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)*



## Concello de Vigo

*Doutra, Teodoro Davila Rial como presidente da entidade Club Deportivo Valladares CIF: G-36629657 e enderezo social no Camiño do Fútbol S/N de Vigo, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 19588-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

### **MANIFESTAN**

*I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Clube Deportivo Valladares durante a tempada 2019-2020. A entidade conta cun equipo de élite que participa na categoría Segunda División Nacional Feminina desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*

*A entidade Club Deportivo Valladares desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2019/2020.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.-Que a entidade Clube Deportivo Valladares impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do fútbol feminino en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.*

*III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.15 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da entidade deportiva *Clube Deportivo Valladares*.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade *Clube Deportivo Valladares* e na tempada deportiva 2019/2020.

**VI.-** Que a entidade *Club Deportivo Valladares* non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 19581-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o *Clube Deportivo Valladares*. conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **FACTOS**

**Primeiro.-** A entidade *Clube Deportivo Valladares* comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de fútbol na tempada 2019/2020.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:





## Concello de Vigo

- *A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.*
- *Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.*
- *A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacions en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.*

*6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc...*

*7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

*8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.*

*9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.*

*10º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

*11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*

**Segundo.-** *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Colaborar coa entidade Clube Deportivo Valladares na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.*

*2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Clube Deportivo Valladares (revista, web, etc).*

*3º.- Conceder directamente á entidade Clube Deportivo Valladares unha subvención por importe de 16.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.15 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2019/2020. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.*

**Terceiro.-** *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de*

*Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2019/2020, coa que será incompatible.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

**Cuarto.-** *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

**Quinto.-** *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

**Sexto.-** *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

**Sétimo.-** *A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2020 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.*



## Concello de Vigo

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2019/2020. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

*Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.*

**Décimo.-** *A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

**Décimo primeiro.-** *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

**Décimo segundo.-** *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

**Décimo terceiro.-** *Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas*

**Décimo cuarto.-** *A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2020, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.*

**Décimo quinto.-** *A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*



## Concello de Vigo

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumplimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancions en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima primeira.-** En relación a extinción e resolución.

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución do Convenio:

a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.

b) O acordo unánime dos asinantes.

c) A resolución do Convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.

e) O incumplimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2020.*

**10(318).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE DE VIGO RUGBY CLUBE EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2019/2020. EXPTE. 19581/333.**

Visto o informe xurídico do 20/04/2020 e o informe de fiscalización do 29/04/2020, dáse conta do informe-proposta de data 17/04/2020, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 28.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.09 a favor da entidade Vigo Rugby Clube polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2019/2020.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Vigo Rugby Club conta cun equipo de elite na modalidade de Rugby na categoría División de Honra B. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra B hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2018/2019, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Vigo Rugby Clube e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.



## Concello de Vigo

- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *"Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.."* e que *"...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre"*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Vigo Rugby Clube para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2020, na partida orzamentaria 3410.489.00.09, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Vigo Rugby Clube durante a tempada deportiva 2019/2020, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2020.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Respecto a tramitación cabe sinalar a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, determina a suspensión dos trámites e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Non onstante dita disposición adicional 3ª do RD 463/2020, do 14 de marzo determina que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

Visto que o interesado/a manifestou a súa conformidade coa non suspensión do prazo procede a continuidade na tramitación do expediente polo que coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Deportes e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, faise a

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL





## Concello de Vigo

- PRIMEIRO: Continuar a tramitación do expediente administrativo de subvención nominativa como entidade de elite o Vigo Rugby, xa que se acreditou no expediente a conformidade do interesado de que non se suspenda o prazo
- SEGUNDO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Vigo Rugby Clube para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2019/2020 e aprobar o texto do convenio que a regula.
- TERCEIRO: Autorizar e dispoñer o gasto de 28.000,00€. a favor da entidade Vigo Rugby Clube co CIF: G-36680924 e enderezo social na rúa 1º Travesía de Santiago de Vigo 36201, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 19581-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.09 do vixente orzamento.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VIGO RUGBY CLUBE EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2019/2020 (EXPTE. 19581/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil vinte.

### **REUNIDOS**

*Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)*

*Doutra, Xoán Martínez Reboredo como presidente da entidade Vigo Rugby Clube CIF: G-36680924 e enderezo social na rúa 1º Travesía Santiago de Vigo, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 19581-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

### **MANIFESTAN**

*I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Vigo Rugby Clube durante a tempada 2019-2020. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra B desenvolve a sua*

*actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*

*A entidade Vigo Rugby Clube desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2019/2020.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.-Que a entidade Vigo Rugby Clube impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do rugby en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.*

*III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

*IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.09 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 28.000,00 €, a favor da entidade deportiva Vigo Rugby Clube*

*V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Vigo Rugby Clube na tempada deportiva 2019/2020.*

*VI.- Que a entidade Vigo Rugby Clube non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo,*



## Concello de Vigo

*segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 19581-333.*

**VII.-** *Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Vigo Rugby Clube. conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

### **PACTOS**

**Primeiro.-** *A entidade Vigo Rugby Clube comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

*1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:*

- Programa Municipal de escolas deportivas.*
- Xornadas de formación.*
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.*
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...*
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.*

*2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de fútbol na tempada 2019/2020.*

*3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.*

*4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.*

*5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:*

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.*
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.*
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacions en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.*

*6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc...*

*7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Vigo Rugby Clube. na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Vigo Rugby Clube. (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Vigo Rugby Clube. unha subvención por importe de 28.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.09 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2019/2020. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2019/2020, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.



## Concello de Vigo

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

**Quinto.-** *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

**Sexto.-** *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

**Sétimo.-** *A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2020 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

*- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións,*

documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2019/2020. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



## Concello de Vigo

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2020, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerese polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo séptimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencions para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumplimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancions en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima primeira.-** En relación a extinción e resolución.

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución do Convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime dos asinantes.
- c) A resolución do Convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_ de \_\_\_ de 2020.

## **11(319).- PAGAMENTO DOS DEREITOS DE AUTOR XERADOS POLOS ESPECTÁCULOS DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2019. EXPTE. 8298/335.**

Visto o informe de fiscalización do 30/04/2020, dáse conta do informe-proposta de data 04/05/2020, asinado pola instructora do expediente (conforme Decreto de data 27 de marzo de 2020), a concelleira-delegada de Festas, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e pola secretaria de Admón. Municipal, que di o seguinte:

### **Lexislación aplicable**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.





## Concello de Vigo

- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xuño, de administración local de Galicia.
- Real decreto legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia.

### 1. Antecedentes

Ao abeiro das competencias atribuídas pola vixente lexislación (artigos 25.1 e 25.2.m da Lei 7/1985, de abril, reguladora das bases do réxime local e artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia), onde se atribúen aos municipios competencia para promover e realizar actividades culturais, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo aprobou o 15 de maio de 2019 o Programa "Vigo en Festas 2019", que recolle os concertos e espectáculos que tiveron lugar nos pasados meses de xullo e agosto no Auditorio ao aire libre de Castrelos e noutros puntos da cidade (expte 7930/335).

A celebración destes concertos e espectáculos está suxeita a unha serie de taxas regulamentadas polo Real decreto legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia, en concepto de dereitos de autor que correspondan en cada caso. O control e fiscalización destas taxas correspóndelle á Sociedad General de Autores y Editores (SGAE).

No caso do Concello de Vigo, existe unha bonificación de 25% nos espectáculos musicais grazas á sinatura da Acta de adhesión ao Convenio subscrito no ano 1996 entre a SGAE e a Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) (*convenio anexado como trámite 46 deste expediente*), aprobada por Decreto de Alcaldía de data 24 de xullo de 2001. Así mesmo, segundo as Tarifas aplicadas ás corporacións locais desde o ano 2015, a tarifa que se aplica sobre os gastos da actuación foi rebaxada do 10 ao 8,5%.

En data 1 de outubro de 2019, a Sociedad General de Autores y Editores (SGAE) presenta escrito de solicitude de información para a facturación dos dereitos de autor do programa "Vigo en Festas 2019" (*documento 190150963*).

En data 4 de novembro, unha vez recopilada a correspondente información, o Servizo de Festas do Concello de Vigo remite á SGAE os datos dos espectáculos comprendidos no antedito programa: artistas, datas, lugares de celebración e importes de cachet (actuacións artísticas) pagados polo Concello de Vigo ás diferentes empresas promotoras contratadas (*envío anexado como trámite 14 do expediente*).

En data 19 de novembro, a SGAE remite presuposto por un importe total de 74.734,82 euros, IVE incluído (*trámite 60*), achegando posteriormente declaración xurada da entidade, relativa á capacidade para contratar coas administracións públicas (*trámite 61*).

En data 2 de decembro, emítense Informe sobre a xustificación da necesidade e idoneidade do contrato de dereitos de autor, asinado pola xefa do Servizo de Festas e pola concelleira delegada de Festas e Turismo (*trámite 36*) e Orde de inicio do expediente administrativo, asinada pola concelleira de Festas e Turismo (*trámite 39*).

En data 10 de decembro, emítense Informe proposta á Xunta de Goberno local para un pagamento total, conforme ao presuposto, de 74.734,82 euros (*trámite 55*), asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado polos concelleiros de Festas e Turismo e de Orzamentos e Facenda, proposta que se somete a informe xurídico.

En data 27 de decembro, emítase un primeiro informe xurídico para o expediente (*trámite 68*), no que se recolle a necesidade de obter a listaxe de cancións interpretadas polos distintos grupos e a autoría destas cancións.

En data 23 de decembro, desde o Servizo de Festas solicítanse ás diferentes empresas promotoras contratistas, as listaxes das cancións interpretadas nos espectáculos presupostados pola SGAE, coa indicación de se se trataban de cancións de autoría propia, interpretacións/versións doutros autores ou de obras que xa estivesen exentas de xerar dereitos de autor (*trámite 73*).

As anteriores solicitudes son respondidas nun primeiro momento polas seguintes empresas:

- Categórica Producciones SL remite set list do dúo FANGORIA (*trámite 74*), en data 24/12/2019.
- Dotbeat SC remite relación de cancións do grupo HEREDEIROS DA CRUS (*trámite 75*), en data 23/12/2019, indicando que todas son de autoría do grupo.
- A Fundación Coral Casablanca de Vigo remite programa coas cancións interpretadas pola CORAL CASABLANCA (*trámite 76*), en data 23/12/2019.
- Marcos Vázquez Silva remite a relación das cancións interpretadas por TONY LOMBA e ELIO DOS SANTOS, indicando que a maioría delas son de propiedade dos dous artistas (*trámite 77*), en data 23/12/2019.
- Organización de Ideas de Éxito SL remite en data 26/12/2019 os repertorios dos artistas AMPARANOIA (*trámite 78*), MIKEL ERENTXUN (*trámite 79*) e RICK ASTLEY (*trámite 80*).
- Sweet Nocturna SL remite en data 23/12/2019 as listaxes de LAURYN HILL (*trámite 81*), LEIVA (*trámite 82*), TOM JONES (*trámite 83*) e 30 SECONDS DO MARS (*trámite 84*).

A vista da información facilitada por estas empresas e da que aínda se atopa pendente de remitir, e ante a necesidade de que a Xunta de Goberno local adopte un acordo relativo a este asunto dentro do exercicio presupostario de 2019, considérase que os artistas que interpretaron cancións doutros autores foron: Tom Jones, Coral Casablanca, Chumi Chuma, Queenmanía, Super Wings e Amparanoia.

Como consecuencia do anterior, emítase en data 30 de decembro un segundo informe proposta á Xunta de Goberno de local, para o pagamento dos dereitos de autor exclusivamente daquelas cancións cuxa autoría non se corresponde co intérprete contratado en cada caso polo Concello de Vigo, por un importe total de 11.009,77 euros (*trámite 86*).

Referidos a esta proposta, en data 30 de decembro emítense os seguintes documentos administrativos: Informe xurídico favorable (*trámite 93*), Documento contábel número RC 201900098315 (*trámite 99*) e Informe de fiscalización favorable por parte da Intervención de fondos (*trámite 102*).

Sendo así, en data 30 de decembro (último día hábil do ano nesta administración), a Xunta de Goberno local en sesión extraordinaria e urxente, acorda a seguinte proposta (*trámite 118*):

**“Primeiro:** Autorizar un gasto por un importe total de 11.009,77 € (9.098,98 € máis 1.910,70 € de IVE) en concepto dos dereitos de autor derivados dos repertorios interpretados polo grupos e artistas das que soamente son intérpretes e non autores, con cargo á aplicación presupostaria 3380.226.0906 (Festas en Vigo) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico. Este pagamento realizarase á Sociedade General de Autores (SGAE), con CIF G-28.029.643, previa a presentación da correspondente factura”.

**Segundo:** Requirir á SOCIEDADE XERAL DE AUTORES que emita un novo presuposto en concepto de dereitos de autor de aquelas cancións interpretadas polos artistas do programa Vigo en Festas e son de autoría allea.”



## Concello de Vigo

En consonancia co punto segundo desta resolución, dáse traslado á Sociedade General de Autores, vía correo electrónico en data 2 de xaneiro de 2020 (*trámite 130*).

En data 11 de febreiro, a Sociedade General de Autores presenta escrito de reclamación á resolución da Xunta de Goberno local, así como poder de representación da sociedade outorgado a favor de don Miguel Diéguez Díaz (*documento 200023716*).

En data 12 de febreiro de 2020, a Sociedade General de Autores emite a factura número 1200122452, por un importe total de 124.996,75 euros, IVE incluído (*expediente 8436/335*).

Con posterioridade ao acordo da Xunta de Goberno local de 30 de decembro, recíbese información das empresas promotoras que non contestaran á solicitude de información antes da adopción do dito acordo:

- Categórica Producciones SL remite set list do artista DAVID BISBAL (*trámite 131*), en data 27/01/2020.
- Creativos Educativos Proyectos SL remite carta coas cancións interpretadas durante o espectáculo SUPERWINGS (*trámite 132*), en data 26/02/2020, indicando que as mesmas son propiedade da empresa.
- Dale a la Danza SL remite relación de cancións interpretadas durante o espectáculo QUEENMANÍA (*trámite 133*), en data 16/01/2020.
- Esmerarte Industrias Creativas SL, en data 16/01/2020 remite set lists de FURIOUS MONKEY HOUSE (*trámite 134*), XOEL LÓPEZ (*trámite 135*) e VETUSTA MORLA (*trámite 136*), indicando que as cancións interpretadas son de membros de cada banda. En data 21/01/2020, a empresa remite listado de cancións da banda CHUMI CHUMA (*trámite 137*).
- Nalgures Produccións SL remite en data 20/01/2020 a listaxe de cancións interpretadas pola agrupación SONDESEU (*trámite 138*), indicando que as mesmas son tradicionais e en data 21/01/2020 a listaxe das cancións interpretadas durante o espectáculo MITIC (*trámite 139*).
- Organización de Ideas de Éxito SL remite en data 16/01/2020 repertorio do artista ROGER HODGON (*trámite 140*). En data 02/03/2020, a empresa remite repertorios de cancións de PEDRO GUERRA e UXÍA (*trámite 141*) e de MI CAPITÁN (*trámite 142*).

En data 1 de abril de 2020, emítase informe técnico, asinado pola instrutora do expediente (*trámite 152*), que conta con informe xurídico favorable, asinado pola secretaria de administración municipal o 3 de abril (*trámite 157*).

## 2. Repertorios de espectáculos

Á vista de todas as remisións de información por parte das empresas promotoras de concertos, e tras consultas de comprobación á páxina web de repertorio da SGAE (<https://enlinea.sgae.es/RepertorioOnline/Buscar.aspx?opcion=inicializar>), desprende que:

**2.a)** No espectáculo de SONDESEU, que tivo lugar na Porta do Sol o día 11 de xullo, interpretáronse 14 obras. Os directores de seccións desta orquestra son: Alfonso Franco Vazquez, Anxo Lois García Pintos, Francisco Javier Feijoo Álvarez, Rodrigo, José Liz de Cea, Romanía Blanco e Xaquín Xesteira Losada, polo que das obras interpretadas 4 son de autores membros da agrupación (propias), 4 son de carácter público, 3 son obras de autoría conxunta entre membros e coautores alleos á agrupación e 3 son de autores alleos á agrupación.

1	Tradiculata	Anxo Lois García Pintos / Rodrigo Romaní Blanco / Xaquín Xesteira Losada / José Liz de Cea / Francisco Javier Feijoo Álvarez / Alfonso Franco Vázquez	Propia
---	-------------	---	--------

2	Insúa	José Liz de Cea / <u>Xoaquín Freixeiro</u> / Francisco Javier Feijoo Álvarez / Xaquín Xesteira Losada / Alfonso Franco Vázquez / Anxo Lois García Pintos / Rodrigo Romaní Blanco	Conxunta
3	Lúa espida	(tradicional / Rodrigo Romaní)	Pública
4	Aire de Berrducido	(tradicional / Rodrigo Romaní)	Pública
5	Repara ben que ao final	( <u>Luís Peixoto</u> )	Allea
6	Maneo de Muxía	(tradicional)	Pública
7	Ronda do Val de San Lorenzo	(Tradicional / Anxo Lois García Pintos)	Pública
8	Ciclotimía	<u>José Enrique Comesaña Pedreira</u>	Allea
9	O mandil	<u>Isaac Palacín Losada</u> / <u>José Enrique Comesaña Pedreira</u> / <u>Santiago Cribeiro Galego</u> / Anxo Lois García Pintos / <u>Guillermo Fernández García</u>	Conxunta
10	Marcha de Brañes	<u>Iñaki Sánchez Santianes</u>	Allea
11	Rumbas de Monzo e Vergara	Rodrigo Romaní Blanco / Anxo Lois García Pintos / Francisco Javier Feijoo Álvarez / Xaquín Xesteira Losada / Alfonso Franco Vázquez / José Liz de Cea	Propia
12	O rillachavos	Xaquín Xesteira Losada	Propia
13	Melchor de Cumieira	<u>Iván Costa Blanco</u> / Rodrigo Romaní Blanco / Francisco Javier Feijoo Álvarez / Xaquín Xesteira Losada / Alfonso Franco Vázquez / José Liz de Cea / Anxo Lois García Pintos	Conxunta
14	Bis O galo de Leirado	Xaquín Xesteira Losada / Rodrigo Romaní Blanco / Anxo Lois García Pintos / José Liz de Cea / Francisco Javier Feijoo Álvarez / Alfonso Franco Vázquez	Propia

Á vista do anterior, habería que solicitar á SGAE o cálculo dos dereitos de autor que correspondan pagar con motivo do espectáculo de Sondeseu aos coautores no caso das tres obras conxuntas e dos autores no caso das tres obras de autoría allea.

**2.b)** No espectáculo de TONY LOMBA & ELIO DOS SANTOS (Germán Fandiño Carnero e Eladio Santos Estévez), que tivo lugar na Porta do Sol o día 12 de xullo, interpretáronse 16 obras: 14 de autoría propia dos dous intérpretes, 1 entenderíase como de autoría conxunta (letra dos dous intérpretes e música dun autor alleo) e 1 de autores alleos.

1	Flamenca	Germán Fandiño Carnero / Eladio Santos Estévez	Propia
2	Yoli, Yoli	Germán Fandiño Carnero / Eladio Santos Estévez	Propia
3	Por favor, hazme una mada	Germán Fandiño Carnero / Eladio Santos Estévez	Propia
4	Amor instantáneo	Germán Fandiño Carnero / Eladio Santos Estévez	Propia
5	Llamadas perdidas	Germán Fandiño Carnero / Eladio Santos Estévez	Propia



## Concello de Vigo

6	Madre	Germán Fandiño Carnero / Eladio Santos Estévez	Propia
7	Insincero	Germán Fandiño Carnero / Eladio Santos Estévez	Propia
8	Si fueras tú	Germán Fandiño Carnero / Eladio Santos Estévez	Propia
9	Eres mi sueño y predicado	Germán Fandiño Carnero / Eladio Santos Estévez	Propia
10	Alfredo Landa	<u>Pablo Milanés</u>	Conxunta
		Germán Fandiño Carnero / Eladio Santos Estévez	
11	Viva la cerveza fría	Germán Fandiño Carnero / Eladio Santos Estévez	Propia
12	Mi carro	<u>Rafael Jaén García / Alejandro Cintas Sarmiento</u>	Allea
	Take a walk on the wild side	<u>Lou Reed</u>	
13	Ese amor de la abuela	Germán Fandiño Carnero / Eladio Santos Estévez	Propia
14	Me la meto toda	Germán Fandiño Carnero / Eladio Santos Estévez	Propia
15	Vaya tío	Germán Fandiño Carnero / Eladio Santos Estévez	Propia
16	España España bandera bandera	Germán Fandiño Carnero / Eladio Santos Estévez	Propia

Á vista do anterior, habería que solicitar á SGAE o cálculo dos dereitos de autor que correspondan pagar con motivo do espectáculo de Tony Lomba & Elio dos Santos ao coautor no caso da obra conxunta e dos autores no caso da obra de autoría allea.

**2.c)** No espectáculo de HEREDEIROS DA CRUS (grupo integrado por Antón Axeitos Ares, Antonio Novo Suárez, Francisco Javier Vázquez Maneiro, Francisco Javier Velo Cambeiro e Manuel Jesús Gómez Rey), que tivo lugar na Porta do Sol o día 12 de xullo, interpretáronse 18 obras: 14 de autoría propia dos integrantes do grupo e 4 de autoría conxunta entre membros do grupo e coautores alleos ao mesmo.

1	Juele/Churras	(Hereiros da Crus)	Propia
2	Angelito pastillero	Antonio Novo Suárez / Antón Axeitos Ares / Francisco Javier Velo Cambeiro / <u>José Manuel Santamaría Medín</u> / Francisco Javier Vázquez Maneiro	Conxunta
3	Vaiche boa	(Hereiros da Crus)	Propia
4	Amor de barra	<u>José Manuel Santamaría Medín</u> / Antonio Novo Suárez / Francisco Javier Velo Cambeiro / Antón Axeitos Ares	Conxunta
5	A duquese de Poi	Antón Axeitos Ares / Antonio Novo Suárez / Francisco Javier Vázquez Maneiro / Francisco Javier Velo Cambeiro / Manuel Jesús Gómez Rey	Propia
6	Juele a cona	(Hereiros da Crus)	Propia
7	RT o jran batacaso	Antonio Novo Suárez	Propia
8	Anda de chinclán	Antón Axeitos Ares	Propia
9	O teu fillo fuma porro	Antonio Novo Suárez	Propia

10	Corasón de carballo	Francisco Javier Vázquez Maneiro / Antonio Novo Suárez / Francisco Javier Velo Cambeiro / Antón Axeitos Ares / Manuel Jesús Gómez Rey	Propia
11	A chaqueta de lana	Antonio Novo Suárez	Propia
12	Pastor alemán	Francisco Javier Velo Cambeiro / Francisco Javier Vázquez Maneiro / <u>José Manuel Santamaría Medín</u> / Antonio Novo Suárez / Antón Axeitos Ares	Conxunta
13	Juan Ramón	Antonio Novo Suárez / Francisco Javier Vázquez Maneiro	Propia
14	Quero josar	Antonio Novo Suárez / Francisco Javier Vázquez Maneiro	Propia
15	De Jalisia ó estranxeiro	Antonio Novo Suárez	Propia
16	Non che teño medo	Antonio Novo Suárez / Antón Axeitos Ares / Francisco Javier Vázquez Maneiro / Francisco Javier Velo Cambeiro / Manuel Jesús Gómez Rey	Propia
17	Non quero nada de ti	Francisco Javier Velo Cambeiro / Francisco Javier Vázquez Maneiro / <u>José Manuel Santamaría Medín</u> / Antonio Novo Suárez / Antón Axeitos Ares	Conxunta
18	Juele a dinoseto	(Herdeiros da Crus)	Propia

Á vista do anterior, habería que solicitar á SGAE o cálculo dos dereitos de autor que correspondan pagar con motivo do espectáculo de Herdeiros da crus ao coautor no caso das 4 obras conxuntas.

**2.d)** No espectáculo de MITIC, que tivo lugar na Porta do Sol o día 13 de xullo, interpretáronse 15 obras, todas elas versións de obras de autores alleos ao grupo.

1	The godfather	<u>Nino Rota</u>	Allea
2	Contigo aprendí	<u>Armando Manzanero Canche</u>	Allea
3	Simply the best	<u>Mike Chapman / Holly Knight</u>	Allea
4	Hotel California	<u>Donald Hugh Henley / Glenn Lewis Frey / Don Felder</u>	Allea
5	Don't stop me now	<u>Frederick Mercury</u>	Allea
6	Moon river	<u>Henry Nicla Mancini / John H Mercer</u>	Allea
7	The mission	<u>Ennio Morricone</u>	Allea
8	Nessun dorma	<u>Giacomo Puccini</u>	Allea
9	Game of thrones	<u>George R R Martin / Bryan Cogman / Ramin Djawadi</u>	Allea
10	How can I remember	<u>Alan Bergman / Marilyn Bergman / John T Williams</u>	Allea
11	The time of my life	<u>Fra Franke Jon Previte / John Albert De Nicola / Donald Jay Markowitz n</u>	Allea
12	Sweet child o mine	<u>Slash / W Axl Bass / Izzy Stradlin / Duff Rose Mc Kagan / Steven Adler</u>	Allea
13	Thunderstruck	<u>Angus McKinnon Young / Malcolm Mitchell Young</u>	Allea
14	The final countdown	<u>Joey Tempest</u>	Allea



## Concello de Vigo

15	I will survive	Frederick J Perren / Dino George Fekaris	Allea
----	----------------	--	-------

**2.e)** No espectáculo de AMPARANOIA (Amparo Mercedes Sánchez Pérez), que tivo lugar no Auditorio Mar de Vigo o día 13 de xullo, interpretáronse 15 obras: 6 obras de autoría propia da artista/intérprete e 9 obras de autoría conxunta entre a intérprete e coautores alleos.

1	Hacer dinero	Amparo Mercedes Sánchez Pérez	Propia
2	El coro de mi gente	<u>Daniel Carbonell Heras</u> / Amparo Mercedes Sánchez Pérez / <u>Karl Thomas Rundovist</u> / <u>José Luís Ferrer Sánchez</u>	Conxunta
3	En la noche	Amparo Mercedes Sánchez Pérez	Propia
4	Somos vientos	<u>Eldys Isak Vega Hernández</u> / <u>Carmen Niño Collado</u> / <u>Jairo Zavala Ruiz</u> / <u>Heredio José Padilla Valdés</u> / <u>Vesselin Valentinov Kountchev Kountchev</u> / <u>José Alberto Varona Saavedra</u> / Amparo Mercedes Sánchez Pérez	Conxunta
5	Dolor dolor	<u>Eldys Isak Vega Hernández</u> / Amparo Mercedes Sánchez Pérez	Conxunta
6	Que te den	Amparo Mercedes Sánchez Pérez	Propia
7	Mar estrecho	<u>Javier Vacas Martín</u> / <u>Antonio Álvarez Bordoy</u> / <u>Jairo Zavala Ruiz</u> / <u>Daniel Salvador Madariaga Charro</u> / <u>José Alberto Varona Saavedra</u> / Amparo Mercedes Sánchez Pérez	Conxunta
8	El destino	Amparo Mercedes Sánchez Pérez	Propia
9	La fiesta	<u>Eldys Isak Vega Hernández</u> / <u>Carmen Niño Collado</u> / <u>Jairo Zavala Ruiz</u> / <u>Heredio José Padilla Valdés</u> / <u>Vesselin Valentinov Kountchev Kountchev</u> / <u>José Alberto Varona Saavedra</u> / Amparo Mercedes Sánchez Pérez	Conxunta
10	Iluminando	<u>Eldys Isak Vega Hernández</u> / Amparo Mercedes Sánchez Pérez	Conxunta
11	La semana	<u>Eddie Grant</u> / Amparo Mercedes Sánchez Pérez	Conxunta
12	Ella baila bembe	<u>Eldys Isak Vega Hernández</u> / <u>Carmen Niño Collado</u> / <u>Jairo Zavala Ruiz</u> / <u>Heredio José Padilla Valdés</u> / <u>Vesselin Valentinov Kountchev Kountchev</u> / <u>José Alberto Varona Saavedra</u> / Amparo Mercedes Sánchez Pérez	Conxunta
13	Caravane	Amparo Mercedes Sánchez Pérez	Propia
14	You know what I mean	Amparo Mercedes Sánchez Pérez	Propia
15	Buen rollito	Amparo Mercedes Sánchez Pérez / <u>François Meslouhi</u>	Conxunta

Á vista do anterior, habería que solicitar á SGAE o cálculo dos dereitos de autor que correspondan pagar con motivo do espectáculo de Amparanoia aos coautores no caso das 9 obras conxuntas.

**2.f)** No espectáculo de LAURYN HILL, que tivo lugar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 17 de xullo, interpretáronse 14 obras: 1 obra de autoría propia da artista/intérprete, 11 obras de autoría conxunta entre a intérprete e coautores alleos e 2 obras de autores alleos.

1	Lost ones	Lauryn Hill / <u>Frederick Hibbert</u>	Conxunta
---	-----------	--	----------

2	Everything is everything	Lauryn Hill	Propia
3	Superstar	<u>Lauryn Hill / Vada J Nobles / Rasheem Sharrief Pugh / Johari Jerome Newton / Tejumold Ramone Newton / James Jason Poyser</u>	Conxunta
4	Final hour	<u>Chris E Martin / Lauryn Hill</u>	Conxunta
5	Forgive them father	<u>Lauryn Hill / Vada J Nobles / Rasheem Sharrief Pugh / Johari Jerome Newton / Tejumold Ramone Newton</u>	Conxunta
6	Ex-Factor	<u>Gary E Grice / Clifford Smith / Russell Jones / Robert Diggs / Dennis Coles / Jason R Hunter / Corey Woods / Lamont Hawkins / Lauryn Hill / Marilyn Bergman / Alan Bergman / Marvin Hamlisch</u>	Conxunta
7	Can't tale my eyes off you	<u>Bob Crewe / Bob Gaudio</u>	Allea
8	To Zion	<u>Norman Gimbel / Charles Fox / Lauryn Hill</u>	Conxunta
9	The miseducation of Lauryn Hill	<u>Lauryn Hill / Vada J Nobles / Rasheem Sharrief Pugh / Johari Jerome Newton / Tejumold Ramone Newton</u>	Conxunta
10	Doo Wop (that thing)	<u>Lauryn Hill / Vada J Nobles / Johari Jerome Newton / Tejumold Ramone Newton</u>	Conxunta
11	Nice for what	<u>Noah James Shebib / Jason S Hunter / Gary E Grice / Clifford Smith / Russell T Jones / Robert F Diggs / Dennis David Coles / Corey Woods / Lamont Hawkins / Byron O Thomas / Orville Erwin Hall / Phillip Glen Price / Jerome Henry Cosey / Adam James Pigott / Lauryn Hill / Marilyn Bergman / Alan Bergman / Marvin Hamlisch / Aubrey Drake Graham / Shame Lee Lindstrom</u>	Conxunta
12	Killing me softly with this song	<u>Norman Gimbel / Charles Fox</u>	Allea
13	Fu-Gee-La	<u>Wycleef Jean / Lauryn Hill / Prakazrael Samuel Michel / Sa-laam Remis Gibbs / Teena Marie Brockhert / Allen Henry Mc Grier</u>	Conxunta
14	Ready or not	<u>Nel Wyclef Jean / Samuel Prakazrael Michel / Lauryn Hill / William Alexander Hart / T Bell</u>	Conxunta

Á vista do anterior, habería que solicitar á SGAE o cálculo dos dereitos de autor que correspondan pagar con motivo do espectáculo de Lauryn Hill aos coautores no caso das once obras conxuntas e aos autores no caso das dúas obras de autoría allea.

**2.g)** No espectáculo de LEIVA (José Miguel Conejo Torres), que tivo lugar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 19 de xullo,, interpretáronse 24 obras: 20 obras de autoría propia do artista/intérprete e 4 obras de autoría conxunta entre o intérprete e coautores alleos.

1	Expertos	José Miguel Conejo Torres	Propia
2	La lluvia en los zapatos	José Miguel Conejo Torres / <u>César García Miranda</u>	Conxunta





## Concello de Vigo

3	Animales	José Miguel Conejo Torres	Propia
4	Guerra mundial	José Miguel Conejo Torres	Propia
5	Lobos	José Miguel Conejo Torres	Propia
6	Superpoderes	José Miguel Conejo Torres	Propia
7	Los cantantes	José Miguel Conejo Torres	Propia
8	Breaking bad	José Miguel Conejo Torres	Propia
9	A ti te ocurre algo	José Miguel Conejo Torres	Propia
10	Nuclear	José Miguel Conejo Torres	Propia
11	En el espacio	José Miguel Conejo Torres	Propia
12	Miedo	José Miguel Conejo Torres	Propia
13	Sincericidio	José Miguel Conejo Torres	Propia
14	Godzilla	José Miguel Conejo Torres	Propia
15	Electricidad	José Miguel Conejo Torres	Propia
16	Como si fueras a morir mañana	José Miguel Conejo Torres	Propia
17	No te preocupes por mí	José Miguel Conejo Torres	Propia
18	Como lo tienes tú	José Miguel Conejo Torres	Propia
19	Terriblemente cruel	José Miguel Conejo Torres / <u>Juan José Conejo Torres / César García Miranda</u>	Conxunta
20	Vis a vis	José Miguel Conejo Torres / <u>Enrique Suárez Caycedo</u>	Conxunta
21	La llamada	José Miguel Conejo Torres	Propia
22	Estrella polar	José Miguel Conejo Torres / <u>César García Miranda</u>	Conxunta
23	Mirada perdida	José Miguel Conejo Torres	Propia
24	Lady Madrid	José Miguel Conejo Torres	Propia

Á vista do anterior, habería que solicitar á SGAE o cálculo dos dereitos de autor que correspondan pagar con motivo do espectáculo de Leiva aos coautores no caso das 4 obras conxuntas.

**2.h)** No espectáculo de TOM JONES, que tivo lugar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 23 de xullo, interpretáronse 23 obras: 1 obra de autoría propia, 1 obra de carácter público, 1 obra de autoría conxunta entre o intérprete e coautores alleos e 20 obras de autores alleos.

1	Burning Hell	<u>John L Hooke / Bernard Besman</u>	Allea
2	God's gonna cut you down	(tradicional)	Pública
3	Mama told me not to come	<u>Randy Newman</u>	Allea
4	Did trouble me	<u>Susan M Werner</u>	Allea
5	Raise a ruckus	Tom Jones	Propia
6	Sex bomb	<u>Mousse-Tee / Errol Rennalls</u>	Allea

7	Fever	<u>John Davenport / Eddie J Cooley</u>	Allea
8	Take my love	<u>John Mertis Jr</u>	Allea
9	Shake, rattle and roll	<u>Big Joe Turner</u>	Allea
10	Cry to me	<u>Solomon Burke</u>	Allea
11	Delilah	<u>Les Reed / Barry Mason</u>	Allea
12	Soul of a man	<u>Blind Willie Johnson</u>	Allea
13	Tower of song	<u>Leonard Cohen</u>	Allea
14	I'll never fall in love again	<u>James Currie / Anthony J Donegan</u>	Allea
15	Green, green grass of home	<u>Johnny Darrel</u>	Allea
16	What's new, Pussycat?	<u>Burt F Bacharch / Hal David</u>	Allea
17	It's not unusual	<u>Gordon William Mills / Leslie David Reed</u>	Allea
18	You can leave your hat on	<u>Randall Stuart Newman</u>	Allea
19	If I only knew	<u>Alan Robert Woolley / Trevor Charles Horn / Tom Jones / Benjamin Nitze / Joseph R Mendelson</u>	Conxunta
20	I wish you would	<u>William Arnold</u>	Allea
21	What a wonderful world	<u>Robert Thiele / Elisabeth Bertram / George David Weiss</u>	Allea
22	Kiss	<u>Prince</u>	Allea
23	Strange things happening everyday	<u>Sister Rosetta Tharpe</u>	Allea

Á vista do anterior, habería que solicitar á SGAE o cálculo dos dereitos de autor que correspondan pagar con motivo do espectáculo de Tom Jones aos coautores no caso da obra conxunta e dos autores no caso das vinte obras de autoría allea.

**2.i)** No espectáculo de FANGORIA (dúo integrado polos músicos Olvido Gara Jova e Ignacio Canut Guillén), que tivo lugar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 24 de xullo, interpretáronse 19 obras: 14 obras de autoría conxunta entre os dous intérpretes e coautores alleos e 5 obras de autores alleos.

1	Espectacular	<u>Guillermo Vilella Falgueras / Olvido Gara Jova / Ignacio Canut Guillén</u>	Conxunta
2	Cómo pudiste hacerme esto a mí?	<u>Ignacio Canut Guillén / Carlos García Berlanga Manrique</u>	Conxunta
	Que sería de mí sin ti?	<u>Carlos García Berlanga Manrique</u>	
3	Banda sonora	<u>Miguel Puig Bosch / José Javier Calero González Nicolás</u>	Allea
4	Fiesta en el infierno	<u>Guillermo Vilella Falgueras / Olvido Gara Jova / Ignacio Canut Guillén</u>	Conxunta
5	Gritando amor	<u>Fabio de Miguel Martínez / Luis Gerardo Miguélez Valbuena</u>	Allea



## Concello de Vigo

6	Absolutamente	<u>Mauro Canut Guillén / Fernando Delgado Espeja / Manuel Fernando Ríos Sastre / Olvido Gara Jova / Ignacio Canut Guillén / Pablo Sycet Torres Muñiz</u>	Conxunta
7	Dame estrelas o limones	<u>Javier Aramburu Segura / Iñaike Gamechogoicoechea Inchausti</u>	Allea
8	Quién te has creído que soy?	<u>Guillermo Vilella Falgueras / Olvido Gara Jova / Ignacio Canut Guillén</u>	Conxunta
9	Historias de amor	<u>Jorge Sánchez Ramos / Miguel Ángel Arjona López</u>	Conxunta
	Descongélate	<u>Carlos García Berlanga Manrique / Ignacio Canut Guillén</u>	
	Iluminados	<u>Guillermo Vilella Falgueras / Olvido Gara Jova / Ignacio Canut Guillén</u>	
10	Llorando por ti	<u>Francesc Ten Martínez / Eduardo Posada Fernández</u>	Allea
11	Desfachatez	<u>Olvido Gara Jova / Ignacio Canut Guillén / Mauro Canut Guillén</u>	Conxunta
12	Geometría polisentimental	<u>Guillermo Vilella Falgueras / Olvido Gara Jova / Ignacio Canut Guillén</u>	Conxunta
13	Coches de choque	<u>José Javier Pérez Corcobado</u>	Allea
14	No sé qué me das	<u>Luis Prosper Fernández / Olvido Gara Jova / Ignacio Canut Guillén</u>	Conxunta
15	Retorciendo palabras	<u>Carlos Jean Arriaga / Ignacio Canut Guillén / María Josefa Martín de la Hoz / Olvido Gara Jova</u>	Conxunta
16	De qué me culpas?	<u>Guillermo Vilella Falgueras / Olvido Gara Jova / Ignacio Canut Guillén</u>	Conxunta
17	Dramas y comedias	<u>Olvido Gara Jova / Ignacio Canut Guillén / Guillermo Vilella Falgueras / Luis Calvo Soler</u>	Conxunta
18	Disco Sally	<u>Guillermo Vilella Falgueras / Olvido Gara Jova / Ignacio Canut Guillén</u>	Conxunta
	Ni tú ni nadie	<u>Ignacio Canut Guillén / Carlos García Berlanga Manrique</u>	
**Resolución da Alcaldía de data 23/03/2020**, resolve manter os procedementos de convocatoria e celebración de sesións da Xunta de Goberno Local, tanto en réxime de sesións ordinarias, como extraordinarias e urxentes, en relación cos procedementos excepciónados da suspensión de termos e prazos do Real Decreto 463/2020.

**A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria de data 09/04/2020, acorda:**

*1º.- Excepcionar da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos polas razóns expostas e continuar coa tramitación das seguintes actuacións e procedementos:•A tramitación interna dos expedientes de contratación. •A emisión de informes de valoración de ofertas solicitados pola Mesa de contratación ós técnicos municipais. •A celebración de sesións pola Mesa de Contratación para garantir a continuación da tramitación dos expedientes de contratación. •A presentación da documentación esixida o primeiro clasificado se as empresas clasificadas manifestan a súa conformidade. •A formalización dos contratos nos que concorran as circunstancias previstas no apartado 1.A.3. •Procedementos de modificación de contratos. •Procedementos de cesión de contratos. •Procedementos de resolución dos contratos en execución se media a conformidade do contratista. •Procedementos de prórroga dos contratos.*

*2º.- Naqueles supostos que os procedementos non estean suspendidos conforme ó disposto no apartado 4 da disposición adicional 3º do RD 463/2020, deberá xustificarse esta circunstancia.*

Esta liña de subvencións da Concellería de Igualdade foi consolidándose ao longo dos últimos anos, e está dirixida a sufragar os gastos que teñen os clubs deportivos da cidade relacionados coa práctica deportiva feminina co obxecto de fomentala. Malia terse suspendido as actividades deportivas na cidade, así como as competicións regulares nas que participan os distintos clubs deportivos, existen certos gastos que as entidades deportivas continúan facendo fronte: gastos de licenzas federativas, seguros, mantemento do persoal, etc.

Consta no expediente as bases da subvención, a convocatoria e os anexos de solicitude normalizada correspondentes asinadas pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa de Igualdade, a concelleira de Igualdade e o concelleiro de Orzamentos e Facenda. Consta informe favorable da asesora xurídica de Igualdade, e o informe de fiscalización favorable.

Tal e como establecen as bases, e conforme coa Lei 39/2015 de PAC, trátase dun procedemento de tramitación exclusivamente por medios electrónicos.

A paralización deste procedemento administrativo pode producir prexuízos nas entidades deportivas da cidade, potenciais beneficiarias desta liña de subvención, que continúan tendo que facer fronte a determinados gastos fixos, como son gastos de persoal, seguros ou





## Concello de Vigo

licenzas, así como gastos xa sufragados da tempada antes da declaración do estado de alarma.

Nesta situación, por tanto, concorren as circunstancias establecidas na disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo e sucesivas prórrogas, modificado polo Decreto 465/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, para acordar motivadamente a continuación deste procedemento administrativo, ao ser indispensable para a protección do interese xeral, e evitar que as entidades deportivas da cidade se vexan prexudicadas.

### **PROPOSTA MODIFICADA:**

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: autorizar a tramitación do presente procedemento ao abeiro do establecido na disposición adicional terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo e as súas sucesivas prórrogas, modificado polo Decreto 465/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ao ter por obxecto responder ao interese xeral evitando prexuízos nos clubs deportivos e entidades interesadas no procedemento, e ao abeiro do establecido no acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020.

SEGUNDO: aprobar as Bases reguladoras específicas da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2019/2020 que se incorporan ao expediente.

TERCEIRO: aprobar o texto da convocatoria de subvencións a entidades deportivas para a promoción do deporte feminino na tempada 2019/2020, e o extracto da mesma, (incorporados ao expediente) que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base ó establecido na Resolución do 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

CUARTO: aprobar a autorización de gasto, por importe máximo de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros), que se imputará con cargo á partida presupostaria 2311 4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” do orzamento aprobado para o ano 2020 da Concellería de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2019/2020. EXPEDIENTE 9745-224**

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a

autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Porén, o acceso e a participación das mulleres ao ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades de práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo. Xeralmente, as nenas, a partir dos doce anos de idade, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade especialmente importante para formar a personalidade. Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

No deporte federado a presenza das mulleres e de nenas segue sendo minoritaria producíndose unha clara segregación horizontal e vertical. Esta realidade é patente no ámbito estatal, autonómico e municipal: os datos que reflicten a escasa participación de mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade son semellantes en Galicia e en España, en termos porcentuais. Isto avala que non se trata dunha situación puntual, ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade.

Tamén é salientable a menor repercusión que ten nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que os realizados por mulleres; esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competicións femininas; limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licencias femininas e por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso á participación de nenas e mulleres na práctica deportiva.

Todo o exposto, confirma que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes neste eido e avala a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrixir esa situación de desigualdade que axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas, adolescentes e mulleres na práctica deportiva.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impónlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No ámbito do deporte, establece no seu artigo artigo 29 que *todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución*; así como: *o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas as mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión*

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia no seu artigo 3.b) establece o *dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación ningunha*, e no artigo 5.3: *no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrárase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evítase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta*.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo, pretende promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas disciplinas deportivas. No ano 2017, a Concellería de Igualdade, a través da convocatoria de subvencións específica, destinou 27.000 € para esta finalidade e foron beneficiarias desta liña de subvencións un total de 56 entidades deportivas. Nos anos seguintes incre-



## Concello de Vigo

mentouse esta cantidade a 45.000 €, e foron aumentando as entidades beneficiarias. Así, no ano 2019 foron 77 os clubs que se beneficiaron desta liña de subvencións.

Para este mesmo fin, destínase no ano 2020 un crédito máximo de 45.000,00 € que se fará efectivo con cargo á partida específica 2311 4890000 "Promoción da igualdade e do deporte feminino" do orzamento aprobado para o ano 2020 da Concellería de Igualdade.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade. As bases e a convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases responde á finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase en contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2019/2020, ou do ano 2020 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

### **SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas dos equipos con licencias femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes: pagamento de licencias federativas femininas, viaxes, aloxamentos e comidas (concreción de menús), arbitaxes, adestradoras/es, alugueiro de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material deportivo, equipamento (sempre que este equipamento incorpore o logo do Concello de Vigo), etc. En xeral, serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das xogadoras ao longo da tempada 2019/2020, ou do ano 2020 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

Non se valorará como gasto subvencionable o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo cando ese mesmo importe fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións da Concellería de Deportes deste Concello. O servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao servizo de Deportes.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a consecución da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 15.000,00 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

A tempada 2019/2020 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos recabados das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos ou das deportistas individuais. A tal efecto, o servizo de Igualdade, no informe que se xuntará á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma. O órgano instructor do procedemento poderá solicitar á Concellería de Deportes canta información e documentación teña este servizo

sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e entidades presentadas a esta convocatoria.

### **TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria: 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento aprobado para o ano 2020 da Concellería de Igualdade. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN**

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

### **QUINTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS**

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- d) Cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.
- e) Que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2019/2020, ou do ano 2020 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.
- f) Que acompañen á solicitude a documentación preceptiva establecida na base 11<sup>a</sup> desta convocatoria.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- As solicitudes presentadas por federacións deportivas.
- As solicitudes presentadas por clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais
- As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha



## Concello de Vigo

declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

4.- Na fase de proposta de resolución as solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Existe a posibilidade de acreditar simplificadaamente estas circunstancias, nos supostos indicados no artigo 24 do citado RD 887/2006, en particular o parágrafo cuarto para aquelas subvencións nas que o importe das cales non supere a contía de 3.000 €, como é o caso desta convocatoria, tal e como se establece no apartado 3 da base oitava.

5.- Igualmente, as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o/a solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

### **SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS**

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- 1.- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
- 2.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- 3.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para a organización, difusión e execución das súas actividades.
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.
- 5.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
- 6.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización do programa subvencionado.
- 7.- Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- 8.- Aboar as taxas, impostos, permisos, seguros e todos os demais gastos derivados da realización do programa subvencionado.
- 9.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

### **SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Concellería de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Para efectuar a proposta de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 26 puntos.

**1.- Número de licenzas femininas na tempada deportiva 2019-2020, ou na tempada do ano 2020, para tempadas deportivas anuais. Ata un máximo de 16 puntos:**

1.a.-Volume de licenzas femininas e puntuación: (\*Excepto: Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo, Tenis e Pádel)

- a) Con 10 licenzas femininas e menos de 35: 4 puntos
- b) Con 35 licenzas femininas e menos de 60: 6 puntos
- c) Con 60 licenzas femininas e menos de 85: 8 puntos
- d) Con 85 licenzas femininas e menos de 110: 10 puntos
- e) Con 110 licenzas femininas e menos de 135: 12 puntos
- f) Con 135 licenzas femininas e menos de 150: 14 puntos
- g) Con 150 licenzas ou máis: 16 puntos

1.b.- Volume de licenzas femininas e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo, Tenis e Pádel:

- a) Con 10 licenzas femininas e menos de 70: 2 puntos
- b) Con 70 licenzas femininas e menos de 120: 3 puntos
- c) Con 120 licenzas femininas e menos de 170: 4 puntos
- d) Con 170 licenzas femininas e menos de 220: 5 puntos
- e) Con 220 licenzas femininas e menos de 270: 6 puntos
- f) Con 270 licenzas femininas e menos de 320: 7 puntos
- g) Con 320 licenzas ou máis: 8 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas correspondentes a dúas disciplinas deportivas distintas (sexan do mesmo ou de distinto subapartado, 1.a ou 1.b), calcularase a puntuación que corresponda a cada deporte, e logo sumarase, para acadar a puntuación total do apartado 1.

**2.-Porcentaxe de licenzas femininas con respecto ao total de licenzas na tempada 2019/2020. Ata un máximo de 5 puntos:**

2.a.- Porcentaxe de licenzas femininas e puntuación: (\*Excepto: Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo, Tenis e Pádel):

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 2 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 3 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 4 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas ata o 100%: 5 puntos

2.b.- Porcentaxe de licenzas femininas e puntuación para: Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo, Tenis e Pádel:

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 1,5 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 2 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 2,5 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas ata o 100%: 3 puntos



## Concello de Vigo

Cando unha mesma entidade presente licenzas correspondentes a dúas disciplinas distintas (sexan do mesmo ou de distinto subapartado, 2.a ou 2.b), calcularase a porcentaxe do número de licenzas femininas de cada modalidade deportiva con respecto ao total de licenzas da entidade. Calcularase a puntuación para cada deporte e despois sumarase, para acadar a puntuación total do apartado 2.

A documentación que se terá en conta para facer o reconto de licenzas, así como para clasificar as modalidades deportivas, será a certificado emitido pola federación correspondente no que consta o número de licenzas por categoría e sexo. Este datos, ademais, cotexaranse co Anexo II, asinado polo/a secretario/a e presidente/a da entidade (documentación que se relaciona na base décimo primeira). Nos casos nos que se atopen discrepancias entre datos reflectidos nestes documentos, terase en conta a certificación da federación deportiva, salvo erros materiais detectados.

### **3.- Porcentaxe de mulleres que integran a actual xunta directiva da entidade. Ata un máximo de 5 puntos:**

- a) 0% de mulleres: 0 puntos
- b) Ata o 20% de mulleres: 1 punto
- c) Do 20% de mulleres ata menos do 40% de mulleres: 2 puntos
- d) Do 40% de mulleres ata menos do 60%: 3 puntos
- e) Do 60% de mulleres ata menos do 80%: 4 puntos
- f) Do 80% de mulleres ata o 100%: 5 puntos

### **OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS**

1. O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos na base sétima.

2. O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

3. Establécese unha contía mínima e máxima da axuda a conceder: 200 € é a contía mínima establecida e 1.500 € o importe máximo da axuda. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, as entidades que consigan unha axuda superior a 1.500 € quedarán limitadas e esta contía e as entidades que non consigan unha axuda por importe igual ou superior a 200 € quedarán excluídas. En caso de quedar crédito libre, repartirase entre as beneficiarias de forma proporcional aos puntos acadados, tendo en conta o límite da contía máxima da axuda ou, de ser inferior, o da contía solicitada pola entidade.

### **NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

### **DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na base décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

## **DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN**

As entidades que concorren a esta convocatoria deberán presentar unha única solicitude asinada pola/o representante legal da entidade peticionaria.

A solicitude, segundo modelo normalizado (Anexo I), presentarse exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases da convocatoria.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a emenda.

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberán achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente, será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Na presentación da solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- 1.- ANEXO I. Solicitude asinada pola persoa representante da entidade.
- 2.- ANEXO II. Certificado das licenzas do club na tempada de referencia, asinado pola/o secretaria/o e pola/o presidenta/e. Deberá indicarse: as que corresponden a deportistas, a persoal adestrador, a persoal delegado e a persoal técnico, e desagregarse todas elas por sexo.





## Concello de Vigo

3.- ANEXO III. Orzamento equilibrado da previsión de ingresos e gastos para o período de referencia (tempada 2019/20, ou do ano 2020 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual). Asinado pola/o secretaria/o e pola presidenta/e.

O importe do orzamento que se reflecta neste Anexo terase en conta na fase de xustificación, procedendo a minorarse o importe da axuda concedida no caso de que o gasto xustificado sexa inferior ao 100% do importe indicado neste Anexo III. A axuda concedida sería entón minorada na mesma proporción.

4.- ANEXO IV. Declaración responsable asinada pola/o secretaria/o e pola/o presidenta/e.

5.- ANEXO V. Certificado emitido pola/o secretaria/o da entidade, coa conformidade de quen ostente a representación da entidade, onde conste a composición da xunta directiva desagregada por sexo.

6.- Certificado ou certificados emitidos pola Federación de cada unha das disciplinas deportivas que se presenten coa solicitude, no que conste o número de licenzas por categoría e sexo, da tempada 2019/2020, ou do ano 2020 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

8.- Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante expedido cunha antigüidade inferior a seis meses.

9.- DNI da/o presidenta/e da entidade.

10.- Proxecto das actividades que realiza a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade con licencias femininas ou, no seu caso, as deportistas individuais, número de equipos por categoría e sexo, logros acadados, valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, etc).

Porén, a solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que as persoas interesadas non estarán obrigadas a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración. A Administración municipal, salvo oposición expresa da persoa interesada, consultará e obterá electronicamente a través das súas redes corporativas, ou consulta mediante a Plataforma de Indeterminación de Datos, os documentos que deban integrar o procedemento, que xa se atopen no seu poder ou que foran elaborados por calquera outra Administración.

En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, debe facerse constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

A Concellería de Igualdade pode requirir canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE**

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da LPACAP, se a documentación achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos na presente convocatoria, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á data da notificación, coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

### **DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE**

1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei xeral de subvencións, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno publicaranse en:

- As bases reguladoras, no BOP da provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))

- A Convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

- A BDNS publicará o extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na páxina web do Concello de Vigo [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e da Concellería de Igualdade [www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org)

2.-Publicidade das subvencións concedidas.

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa, e crédito presupostario ao que se imputan, beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade da subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

3.-Publicidade do financiamento público.

As entidades beneficiarias das subvencións deben deixar constancia do financiamento municipal en todas as comunicacións e en calquera actividade enmarcada no programa subvencionado coa inclusión da imaxe corporativa oficial do Concello de Vigo (equipamento, web e redes sociais, publicidade, etc)

### **DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN**



## Concello de Vigo

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

De conformidade co disposto na base sétima a Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, e dúas técnicas, funcionarias adscritas á Concellería de Igualdade, actuando unha delas, ademais, como secretaria.

O órgano instrutor do procedemento poderá solicitar á Concellería de Deportes canta información e documentación teña este servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e entidades presentadas a esta convocatoria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas. (Artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de catro meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes na sede electrónica do Concello, e a súa resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Remítanse ás/aos interesadas/os os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, poderá substituírse dita notificación pola publicación na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 45.1.b) da Lei 39/2015 da LPACAP.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, llexítima ás interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPACAP.

A resolución da Xunta de Goberno Local sobre concesión das axudas esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de

Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.

En todos os casos, os prazos contarase a partir do día seguinte ao da notificación, publicación, ou de desestimación do recurso de reposición.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo máximo de 10 días, a contar a partir do día seguinte ao da notificación, a comunicarlle por escrito á Concellería de Igualdade a aceptación ou renuncia das axudas. A falta de manifestación expresa entenderase aceptada.

A beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

## **DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS**

### **1.- Prazo de xustificación:**

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar como data límite o **30 de setembro de 2020** (incluído) o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa emenda ou entrega. Transcorrido o prazo sen atender ao requirimento e trala resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 35/2015 PAC, teranse por desistidas da súa petición.

Conforme establece o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá á entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

De non presentar a xustificación no prazo adicional perderase o dereito a percibir a subvención.

### **2.- Cantidade a xustificar:**

A entidade beneficiaria terá que presentar facturas electrónicas ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel equivalentes ao importe da axuda concedida e copias de facturas polo resto do orzamento do proxecto presentado. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto non subvencionado pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

Terase en conta como importe xustificativo a base impositiva do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da Axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.

### **3.- Sistema e documentos necesarios para a xustificación:**

A teor do disposto no art. 81 do regulamento da LXS establece o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con in-



## Concello de Vigo

dicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e facenda (Orde EHA/2261/2007), do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a emenda.

A entidade beneficiaria deberá achegar electronicamente a rendición da conta xustificativa que comprende a seguinte documentación:

a) Anexo VI: Solicitude de pagamento e certificación, asinado pola/o secretaria/o e pola presidenta/e da entidade:

Coa sinatura deste modelo acredítase, entre outros, os seguintes extremos:

- Que o programa obxecto da subvención foi executado na súa totalidade, indicando o seu custo total. Cando o gasto xustificativo que se indique neste anexo sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto que presentou a entidade na súa solicitude de subvención (Anexo III), procederase a minorar a axuda concedida na mesma proporción.
- Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada co obxecto de promover o deporte feminino.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a renda das persoas físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/19 e o 30/09/20, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.



## Concello de Vigo

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2020**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VIII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

### **IX. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

## **X. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

## **XI. MOTIVACIÓN DA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO, CONFORME Á DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª DO RD 463/2020 DO 14 DE MARZO:**

A disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma pola situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, determina a suspensión dos trámites e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Porén, dita regra xeral admite excepcións, entre outros supostos, para a continuación daqueles procedementos administrativos previa manifestación, polo interesado, da súa conformidade, motivándose a súa procedencia, co fin de evitar prexuízos nos dereitos e intereses do interesado derivados da non formalización do convenio.

A este respecto, consta no expediente a manifestación do interesado da súa conformidade coa non suspensión de prazos, realizada a través do documento co núm. de rexistro 200047742 de data 07/04/2020.

Polas consideracións expostas, visto que o interesado/a manifestou a súa conformidade coa continuación da tramitación do expediente e que non se suspenda o prazo, de conformidade co disposto no Real Decreto 463/2020, modificado polo Real Decreto 465/2020, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**



## Concello de Vigo

**PRIMEIRO. - CONTINUAR** a tramitación do presente procedemento administrativo de subvención nominativa núm. 9460/320, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, o cal ten por obxecto o Convenio entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" para axudar ao financiamento dos gastos de aluguer do seu local social necesario para o desenvolvemento das actividades da entidade, xa que se acreditou no expediente a conformidade do interesado de que non se suspenda o prazo e, desta forma, se evite un prexuízo nos dereitos e intereses do administrado.

**SEGUNDO: AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 3.600,00 € (tres mil seiscientos euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800003 denominada "*Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*", incluída no vixente orzamento municipal de 2020.

**TERCEIRO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación de de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" (CIF: G36801876), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2019 e setembro de 2020, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 3.600,00 € (tres mil seiscientos euros).

**CUARTO.-** Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Lozada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**QUINTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(322).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO EXPTE. DE RETRIBUCIÓNS DE FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS. EXPTE. 34536/220.**

Visto o informe de fiscalización do 14/04/2020, dáse conta do informe-proposta do 27/04/2020, asinado pola técnico de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de data 24/01/2020, foi aprobada a Proposta estimatoria de solicitude de aboamento de diferencias retributivas (funcionarios en prácticas policía local).

II.- De oficio detectouse erro de transcripción na proposta da Área de RRHH e Formación de data 13/11/2019 (punto III dos antecedentes e punto primeiro da proposta de acordo), e consecuentemente no acordo da Xunta de Goberno Local de data de data 24/01/2020, anteriormente referido, pois non foi incluído na lista dos funcionarios o seguinte:

***9502**	83998	PÉREZ PÉREZ B.
-----------	-------	----------------

III.- Igualmente, e segundo consta no informe técnico de rectificación obrante no expediente (trámite 357) o importe total correcto a aboar supón a cantidade de 46.909,92 € en vez dos 46.909,81€, que figuran na proposta e acordo de Xunta de Goberno Local referido.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**PRIMEIRO.- Excepcionalidade da suspensión de prazos. DA 3º RD 463/2020.**

Conforme ao disposto no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, como regra xeral se suspenden a totalidade dos trámites e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

Con todo, a suspensión, no ámbito municipal, pode excepcionarse, tal e como recolle a Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, na redacción dada ao seu apartado cuarto polo RD 465/2020, nos seguintes supostos:

2.1. Medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que éste manifeste a súa conformidade

2.2. Cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo

2.3. Continuación daqueles procedementos administrativos referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma,





## Concello de Vigo

2.4. Continuación daqueles procedementos administrativos indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

No caso que nos ocupa, estamos ante a excepción contemplada no apartado catro anteriormente referenciado, sendo necesario para a protección do interese xeral, concretadas na resolución do mesmo como garantía do cumprimento das obrigas legais respecto das retribucións do persoal municipal. (expte 34536-220)

**SEGUNDO.-** Segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, do oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Detectado de oficio o erro referido no punto II dos antecedentes de este informe procede a rectificación do mesmo, debendo ser incluído no cadro a D. B. PÉREZ PÉREZ.

Igualmente, procede a rectificación do erro referido no punto III dos antecedentes de este informe, debendo constar que a cantidade a aboar é 46.909,92 €; 1.954,58€ para cada un de eles.

En consecuencia, e o abeiro das competencias que da Tenente de Alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal (Delegación competencial por Decreto da Alcaldía e Acordo da XGL de 18/06/2019 e 20/06/2019), elévase a Xunta de Goberno Local, a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Excepcionar da suspensión dos prazos dos procedementos administrativos decretada no RD 463/20202, do 14 de marzo, o expediente electrónico n.º 34536-220, en atención ás circunstancias de interese xeral na resolución do mesmo como garantía do cumprimento das obrigas legais respecto das retribucións do persoal municipal.

**Segundo.-** Rectificar, en base aos informes emitidos no expediente, o erro detectado na proposta da Área de RRHH e Formación de data 13/11/2019 e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data de data 24/01/2020, polo que se aproba a Proposta estimatoria de solicitude de aboamento de diferencias retributivas (funcionarios en prácticas policía local), debendo quedar redactado o punto III e o punto primeiro da proposta de acordo:

NIF	N.º PERSOAL	APELIDOS E NOME
***5955**	84286	ALONSO QUIÑONES P.
***6128**	84287	ALONSO SIMÓN L.
***7429**	84301	ANTUNES VARELA M.

<b>NIF</b>	<b>N.º PERSOAL</b>	<b>APELIDOS E NOME</b>
***7474**	84288	AREAL LAGO D.
***3355**	84289	AVENDAÑO PAZOS J.
***9421**	84290	BASTOS SALORIO T.
***9051**	84291	CAMPOS FERNÁNDEZ A.
***5487**	80427	CONDE CASTRO D.
***2935**	84292	GARCÍA MIGUELEZ J.
***6214**	84302	GONZÁLEZ FORTES J.
***7350**	84294	GONZÁLEZ SELLÁN A.
***5523**	84303	GONZÁLEZ VÁZQUEZ B.
***6049**	84295	HERRERA SOUSA B.
***1805**	84296	LÓPEZ RODRÍGUEZ E.
***5586**	84304	LÓPEZ RODRÍGUEZ P.
***6437**	84297	MACÍAS BARROS J.
***3021**	84305	MEJUTO ARES C.
***1806**	84298	MENÉNDEZ MARQUÉS A.
***7801**	84306	MÍGUEZ PÉREZ P.
***6069**	84299	PENA PEREIRA D.
***5377**	84300	PÉREZ ÁLVAREZ A.
***0547**	84307	PÉREZ GIRÁLDEZ B.
***9502**	83998	PÉREZ PÉREZ B.



## Concello de Vigo

NIF	N.º PERSOAL	APELIDOS E NOME
***4199**	84308	VÁZQUEZ CARBÓN Á.

**TERCEIRO.-** Rectificar, en base aos informes emitidos no expediente, o erro detectado na proposta da Área de RRHH e Formación de data 13/11/2019 e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data de data 24/01/2020, polo que se aproba a Proposta estimatoria de solicitude de aboamento de diferencias retributivas (funcionarios en prácticas policía local), debendo constar nos puntos VI dos antecedentes, IV dos fundamentos, e II da proposta de acordo, a cantidade de 46.909, 92 euros.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo ao Comité de Persoal, o Sindicato Independente do Concello de Vigo, ao interesado, ao Xefe de Seguridade e Mobilidade, a Intervención xeral, ao persoal técnico de Recursos Humanos e Formación.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta de acordo de non celebración do contrato de Promoción Turística da Cidade de Vigo 2020-2022. Expte. 7644/104.
- .- Proposta de aprobación do Proxecto de "Obras de Urbanización dos Espazos intersticiais na Estación Intermodal de Vigo". Expte. 4413/443.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación,

aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **15(323).- PROPOSTA DE ACORDO DE NON CELEBRACIÓN DO CONTRATO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DA CIDADE DE VIGO 2020-2022. EXPTE. 7644/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 6/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación por procedemento aberto da promoción turística do destino Vigo 2020-2022, aprobado en data 6 marzo de 2020 (PCAP).

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 6 marzo de 2020 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto da promoción turística do destino Vigo 2020-2022, autorizar o gasto e abrir a licitación. Este contrato ten por obxecto a promoción turística da cidade de Vigo nos mercados turísticos británico e balear,



## Concello de Vigo

co obxectivo de atraer turistas procedentes dos mesmos, vinculada á conectividade aérea directa.

**Segundo.-** En data 9 marzo de 2020 publicouse na Plataforma de contratación do sector público o anuncio de licitación e abriuse o período de presentación de ofertas.

**Terceiro.-** En data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

**Cuarto.-** Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Este RD na súa disposición adicional terceira, impón, con carácter xeral, a suspensión dos termos e a interrupción dos prazos de todos os expedientes administrativos, entre eles os relativos ós procedementos de contratación. En consecuencia suspendeuse o prazo de presentación de ofertas.

**Quinto.-** En data 6 de maio de 2020, a xefa do servizo de Turismo, co conforme da concelleira-delegada, solicita ó servizo de contratación a tramitación da proposta de desestímulo ou acordo de non adxudicación do citado contrato por mor da situación xerada pola crise sanitaria do coronavirus COVID-2019 e a consecuente incertidume que xeran as restricións no tráfico aéreo de cara a execución do contrato.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

#### DA DESISTENCIA E DA DECISIÓN DE NON ADXUDICAR OU NON CELEBRAR O CONTRATO

A nosa lexislación contractual permite ó órgano de contratación desistir do procedemento de adxudicación ou adoptar a decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato en determinados supostos.

Para poder adoptar un destes acordos é preciso que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 152 LCSP):

1. Que se acorde polo órgano de contratación antes da formalización do contrato.
2. Que estea fundado:
  - Nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, no caso da desistencia.
  - En razóns de interese público, no caso da decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato.
3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declara o estado de alarma para xestionar a situación de crise sanitaria xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.

No seu artigo 7 limita a liberdade fundamental de circulación das persoas, recoñecida no artigo 19 da CE durante a vixencia do estado de alarma, constriñendoa ós supostos

autorizados no seu apartado 1 e sempre respectando as recomendacións e obrigas ditadas polas autoridades sanitarias (apartado 3).

O artigo 14 deste RD, en consonancia coa restricións impostas no artigo 7 á liberdade de circulación, establece medidas en materia de transportes.

As medidas en materia de transportes perseguen dous obxectivos:

- a) Por un lado, limitar a circulación de medios de transporte colectivos, autorizando ás autoridades a reducir a porcentaxe do servizo, se ben respectando certos límites.
- b) Por outro, adoptar medidas de hixiene e sanitarias para evitar contaxios tanto os condutores como ós usuarios.

No caso que nos ocupa, a responsable do contrato de promoción turística do destino Vigo 2020-2022, solicita que se acorde non adxudicar este contrato por canto deveu de imposible execución por mor das medidas adoptadas polas autoridades a consecuencia da situación xerada polo coronavirus COVID-2019. As restricións da liberdade de movementos dos cidadáns e as limitacións impostas ó tráfico aéreo impiden executar este contrato posto que o seu obxecto é precisamente a promoción turística da cidade de Vigo nos mercados turísticos británico e balear, co obxectivo de atraer turistas procedentes dos mesmos e vinculada á conectividade aérea directa.

A xuízo da informante procede adoptar a decisión de non celebrar o contrato.

-II-

#### **DA CONCORRENCIA DOS REQUISITOS LEGAIS PARA ACORDAR A DECISIÓN DE NON CELEBRAR O CONTRATO**

Analizaremos a continuación a concorrencia dos requisitos esixidos na lei para adoptar a decisión de non celebración do contrato no suposto que nos ocupa:

##### **a) Non formalización do contrato:**

Queda acreditado no expediente que o contrato aínda non se formalizou. A día de hoxe está suspendido o prazo de presentación de ofertas.

##### **b) Causa:**

A causa alegada para a decisión de non celebrar o contrato está fundada en razóns de interese público por mor da situación xerada polo coronavirus COVID-2019. O Real Decreto 463/2020, limita a liberdade fundamental de circulación das persoas (artigo 7) e limita a circulación de medios de transporte colectivos, entre eles os aéreos (artigo 14) autorizando ás autoridades a reducir a porcentaxe do servizo. Estas medidas fan imposible a execución do contrato.

##### **c) Xustificación da causa:**

Coa exposición da concorrencia desta causa se cumpriría o último dos requisitos legais para poder acordar a decisión de non celebración dun procedemento de contratación.



## Concello de Vigo

A lexislación contractual impón a administración contratante a obriga de notificar o desestímulo do procedemento ós candidatos ou licitadores participantes no mesmo (artigo 152.1 LCSP). No entanto, neste procedemento nos días que estivo aberto o prazo de presentación de ofertas non se presentou ningunha.

### -III-

#### **DOS EFECTOS DO ACORDO DE NON CELEBRACIÓN DO CONTRATO**

A lexislación contractual impón a administración contratante a obriga de notificar a decisión de non adxudicación do procedemento ós candidatos ou licitadores participantes no mesmo. Así mesmo, deberá informarse a Comisión Europea cando o contrato tiña sido anunciado no DOUE, circunstancia que non concorre no presente caso (artigo 152.1 LCSP).

Deberá compensarse ós licitadores ou candidatos aptos para participar na licitación dos gastos nos que houberen incorrido na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 152.2 LCSP). Neste procedemento non existen licitadores.

A decisión de non adxudicar ou non celebrar o contrato por razóns de interese público impedirá que se promova unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión (artigo 152.3 LCSP).

### -IV-

#### **COMPETENCIA**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

#### **ACORDO**

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.-Decidir non celebrar o contrato de promoción turística do destino Vigo 2020-2022 (expediente 7644-104) polas razóns expostas no fundamento xurídico segundo do presente escrito.*

*2º.- Publicar o presente acordo na plataforma de contratos do sector público.”*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(324).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “OBRAS DE URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIALES NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO”. EXPTE. 4413/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 6/05/2020, dáse conta do informe-proposta de data 6/05/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Co fin de dar cobertura á nova Estación Intermodal e o Centro Vialia, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda iniciou a tramitación do Proxecto Integrador da Intermodal de Vigo promovido por Adif- Alta Velocidade no marco da Lei 3/2016, por consideralo un proxecto público de urxencia ou de excepcional interese desconforme coa formulación urbanística. Dentro do trámite de información pública, o Concello de Vigo propuxo unha mellora dos accesos ao Centro Vialia e á nova Estación de autobuses. Co obxecto de integrar esta proposta de accesos no proxecto integrador, Adif presentou unha Adenda que se incorporou ao expediente.

Con data 12 de outubro de 2017, a Subdirección Xeral de Explotación da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento emitiu informe sobre o Proxecto integrado do Centro Vialia, Estación de Vigo e Terminal de autobuses no que instaba a redacción do correspondente proxecto de trazado que conteña o correspondente estudo de tráfico, en cumprimento do artigo 36.9 da Lei 37/2015, de Estradas e do apartado Quinto da Orde FOM/2873/2007.

De conformidade cos requisitos establecidos na Lei 3/2016, o proxecto integrador foi sometido a avaliación ambiental simplificada que concluíu con Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 14 de setembro de 2017.

2º.- En data 31 de maio de 2018, asinouse Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Entidade Pública Empresarial Adif-Alta Velocidad para a execución das obras dos accesos e nova vialidad urbana do entorno da Estación Intermodal de Vigo, co obxecto de establecer e concretar o réxime de colaboración entre as entidades asinantes para a execución e financiamento das obras relativas aos accesos viarios rodados, desde a Autoestrada AP-9 e a Rúa Lepanto á futura Estación Intermodal, e resto de vialidade colindante coa mesma.

No citado convenio, contemplase na súa cláusula segunda, unha proposta de actuacións para a Remodelación do enlace do P.K. 5+000 da Autoestrada AP-9V no que consta unha actuación en diferentes tramos (Ramal de Conexión Estación de Autobuses coa AP-9, túnel saída Rúa Lepanto a AP-9, conexión da AP-9 con Centro-Vialia así como as instalacións e balizamentos dos mesmos).





## Concello de Vigo

Na cláusula sexta establécense os compromisos do Concello de Vigo o cal asume, entre outros compromisos, licitar, adxudicar, executar e dirixir as obras do proxecto de Construción de Conexión Túnel Lepanto AP-9, demolición do paso elevado da Rúa Lepanto, así como as instalacións e balizamentos . Adif pola súa parte comprometéase a licitar, adxudicar, executar e dirixir as obra de conexión da AP-9 co Centro Vialia.

3º. Reunida a Comisión de Seguimento do citado Convenio, constituída ao amparo da cláusula sétima do mesmo en diferentes sesións adoptan unha serie de acordos que se poden resumir no que afecta ao presente expediente nos seguintes:

a.- Sesión de data 05.11.2018:

- O Concello de Vigo licitará conxuntamente as obras de accesos que teñen encomendadas no Convenio o propio Concello e ADIF Alta Velocidad, así como as asistencias técnicas de dirección facultativa correspondentes.

b.- Sesión de data 19.06.2019:

- Acordase a redacción do proxecto e execución da obra dos espazos intersticiais entre a estación do ferrocarril, estación de autobuses e ramais de saída cara á autoestrada e de entrada ao aparcadoiro do centro comercial, sendo o Concello de Vigo o responsable da tramitación dos expedientes de contratación necesarios para a redacción do proxecto, execución das obras e servizos de dirección e asistencia a dirección de obras.

c.- Sesión de data 24.07.2019:

- Analízase a situación de cada unha das actuacións que non estaban incluídas no proxecto de accesos (Praza Estación, Núcleo Intermodal e Espazos intersticiais).  
- Se aceptan os alcances dos tres proxectos, establécese a forma de pago entre administracións e acórdase plasmar nunha adenda ao Convenio os acordos alcanzados

d.- Sesión de data 02.09.2019

- Por parte de cada administración iníciárase a tramitación correspondente da Adenda ao Convenio, unha vez consensuada a mesma.

O Concello de Vigo procedeu a tramitar a aprobación da adenda modificativa ao convenio suscrito en data 31 de maio de 2018 entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a entidade pública empresarial Adif-Alta Velocidad no expediente 323/403.

A addenda modificativa do convenio foi aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27.02.2020.

4º.- En atención aos compromisos adquiridos, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 22.08.19, resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto das obras de urbanización de espazos intersticiais na Estación Intermodal de Vigo a favor do Arquitecto D. Marcos Plazuelo López, o cal presenta presenta borrador de proxecto de

## "URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIAIS NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO".

5º.- O Enxeñeiro municipal de Camiños, Canles e Portos, en data 15.10.2019, informou que o borrador do proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos da actuación proposta, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 16.10.2019, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

6º.- Dita actuación ten por obxecto transformar os espazos intersticiais situados entre a futura Estación de Autobuses de Vigo, Estación FF.CC. – Centro Comercial Vialia e a remodelación de accesos e AP-9, nun espazo público e urbano de calidade, que elimine a condición de zona residual á que estaban condenados devanditos espazos e garanta a accesibilidade entre os diferentes saltos de cota e os edificios contiguos.

Consisten as obra a executar no enumerado a continuación:

- Demolición das beirarrúas e muros existentes, escavacións e movemento de terras, recheos, compactacións, cimentacións e todos aqueles traballos auxiliares previos á pavimentación e á instalación dos servizos.
- Pavimentación de todos os espazos intersticiais entre a remodelación dos viais de acceso e de AP9, Estación de Autobuses e Estación FF.CC. – Centro Comercial Vialia.
- Obras necesarias para completar a rede de pluviais existente cara ao extremo nororiental do ámbito de actuación, conectándoo co pozo de decantación de pluviais e coa rede existente xunto ao caixón ferroviario.
- Obras necesarias para completar a rede de abastecemento e de rega cara ao extremos nororiental do ámbito de actuación, conectándoa coa existente situada entre a terminal provisional de Adif e o caixón ferroviario.
- Reposición de servizos que poidan verse afectados durante a execución das obras de urbanización dos espazos intersticiais. (saneamento fecais e pluviais, telecomunicacións, abastecemento)
- Amoblamento urbano
- Dotación de arborado e de xardinería.
- Dotación de iluminación pública
- Intervención artística consistente na execución e colocación de grupo escultórico e alegórico da cidade de Vigo.
- De maneira complementaria, intégranse no proxecto as obras accesorias de remodelación e ampliación do pozo de decantación

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 14 meses e o seu importe total ascende a un total de 1.227.651,67 €.

7º.- A Enxeñeira Técnica Industrial Municipal, o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal e o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emiten en data 17.04.2020 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:



## Concello de Vigo

“Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son custes xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

8º.- Consta no expediente administrativo de referencia informe favorable do resto de Administracións participantes da seu financiamento, de datas 4 e 5 de maio de 2020.

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

VI.- Xustificación da tramitación durante o Estado de Alarma. O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria

e posterior declaración do estado de alarma, establece na súa Disposición Adicional Terceira, a suspensión dos términos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos administrativos das entidades do sector público; non obstante o cal o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifieste a súa conformidade, ou cando o interesado manifieste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo, así como acordar motivadamente a continuación de aqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

A Xunta de Goberno Local en sesión de 09.04.2020 acordou, entre outros, excepciónar da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos a tramitación interna dos expedientes de contratación. Este expediente forma parte da necesaria tramitación do expediente de contratación de obras xa que é un acto preparatorio e preceptivo do mesmo.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

Aprobar o proxecto de “OBRAS DE URBANIZACIÓN DE LOS ESPACIOS INTERSTICIALES EN LA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO”, subscrito polo Arquitecto D. Marcos Plazuelo López e coa colaboración da Enxeñeira Industrial Elena González Muñoz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E SETE MIL SEISCENTOS CINCUENTA E UN EUROS con SESENTA E SETE CÉNTIMOS (1.227.651,67 €), asinado dixitalmente en abril de 2020.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(325).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez